CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Actividades 2017

Nesta memoria de actividades recollemos as principais actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no último ano, entre elas, os ditames, a Memoria sobre a situación económica e social, informes, colaboracións e convenios con outras entidades, entre as que salienta a celebración de varias xornadas sobre aspectos da realidade socioeconómica de Galicia, a presencia e participación institucional en actos e sesións e por último a recepción de numerosas reunións organizadas por outras institucións.

Os primeiros apartados están adicados a describir qué é o CES, o seu funcionamento e forma de traballar. Tamén se recolle a composición do organismo, coas persoas, entidades e organizacións que forman o Pleno e os distintos órganos colexiados, así como o número de sesións dos mesmos e os principais contidos das súas reunións.

Pero a memoria céntrase de seguido nos principais traballos aprobados polo Consello ao longo do ano, sobre todo na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia correspondente a 2016, os tres ditames solicitados neste ano ademais do informe a iniciativa propia “Por unha alianza no sector industrial galego”.

Como órgano consultivo en materia socioeconómica e símbolo da vocación de pluralidade e consenso, o CES incorporase activamente no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica converténdose tamén en sede do mesmo.

E ampliando diálogos e colaboracións, que se ten convertido na nosa seña de identidade, mantivemos a colaboración co Idega da USC, ca Facultade de Económicas, ca Rede Transnacional Atlántica (RTA), Porto de Vigo, Consorcio da Zona Franca de Vigo, encontros cos outros CES autonómicos, o acordo de renovación do protocolo de colaboración cos CES da “raia” cos que compartimos a fronteira hispano-lusa.

Qué é o CES

• **Natureza e finalidade.**
O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O ces de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un variado abano de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos ás Universidades, dos pescadores aos consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva.

Este labor aplícase non só á actividade normativa gubernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñan propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.
O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferencia do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade,

emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

• **Funcións.**

Entre outras funcións, o CES emite **ditames** preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.

O Consello tamén elabora **informes**, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ao Goberno a súa opinión –o parecer dos seus membros– sobre a execución destes plans.

A participación en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.

A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta unha **memoria** sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluir opinións e recomendacións sobre as políticas gubernamentais.

• **Os membros do CES**

O Consello Económico e Social está formado por 35 membros: tres grupos de 11 membros, máis a presidenta e o secretario xeral.

• Grupo 1: Os seus once membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden a UGT–Galicia, catro membros, á Confederación Intersindical Galega e tres membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.

• Grupo 2: corresponde ás **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus once membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

• Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións**. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de ASAJA Galicia, un de Unións Agrarias e un do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores(un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e tres representantes das Universidades galegas.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser reemplazados pola súa organización en calquera momento. O sustituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

• Composición do Pleno en 2017

A composición do plenario do CES é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas.

Tendo en conta esta precisión, e dado que unha composición actualizada en cada momento pode consultarse na páxina web do Consello, nesta Memoria de actividades se recollen os membros do Pleno do CES a 31 de decembro de 2017 (titulares e suplentes).

Organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, son os seguintes:

Presidenta: María Corina Porro Martínez.
Secretario Xeral: Juan José Gallego Fouz.

Membros titulares

Grupo 1.- Organizacións sindicais:

UGT–Galicia:
José Carlos Rodríguez del Río
Delia Irene Martínez Conde
Mónica Rodríguez Ponte
José Domingo Barros Montáns.

CIG (Confederación Intersindical Galega):
Fernando R. Acuña Rúa
Natividade López Gromaz
Héctor López de Castro
Miguel Malvido Cabirto.

CC.OO. de Galicia:
Adela Poisa Baños
Maica Bouza Seoane
Demetrio Vázquez Martínez.

Grupo 2.- Organizacións empresariais.

CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):
Javier Martínez López
Antón Arias Díaz Eimil
Elier Ojea Ureña,
José Carlos González Fernández
José Manuel Rodríguez Tarrío,
Ángel Hermida Lage
Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
José Manuel Piñeiro Rivas
Marisol Novoa Rodríguez
Ángel Fernández Presas
Jorge Cebreiros Arce.

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Unións Agrarias de Galicia:
Pedro González Boquete.

Sindicato Labrego Galego:
Ramón Barreiro Carnota.

Asaja Galicia:
Francisco Bello Bello
Antonio de María Angulo.

Confrarías pescadores de Galicia:
José Basilio Otero Rodríguez (baixura).
José Antonio Gómez Castro (marisqueo).

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:
Rosa Celia Otero Raña.
Miguel López Crespo.

Universidade da Coruña:
Domingo Calvo Dopico.

Universidade de Santiago de Compostela:
Maria Emilia Vázquez Rozas.

Universidade de Vigo:
Xosé Henrique Vázquez Vicente.

Membros suplentes:
Grupo 1.- Organizacións sindicais:

UGT–Galicia:
Rosa Arcos Caamaño
José Manuel Rodríguez Portela
Olga Crespo Sánchez
Mar Alfonsín Madrigal.

CIG (Confederación Intersindical Galega):
Margarida Corral Sánchez

Xavier Rodríguez Fidalgo
Anxo Noceda Carballo
Paulo Carril Vázquez .

CC.OO. de Galicia:
Silvia Parga Rodríguez
Xesús Castro Baamonde
José Manuel Lago Peñas.

Grupo 2.- Organizacións empresariais:

Confederación de Empresarios de Galicia:
Fausto Santamarina Fernández
Verónica Val Vázquez
Marta Amate López
Marina Graña Bermúdez
Alberto Rodríguez López
Jaime Luis López Vázquez
Miguel Varela Varela
Rosa María Sánchez Gándara
Rafael Serrano Hernández
José Antonio Neira Cortés
Eugenio Geijo Carril.

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Unións Agrarias de Galicia:
Alba Torreira Puga.

Sindicato Labrego Galego:
Xosé Pérez Rei.

ASAJA Galicia:
Juan Carlos García Pose
Juan Pérez Sánchez-Orozco.

Confrarías pescadores de Galicia:
Sergio López García (baixura)
Francisco Javier Martínez Durán (marisqueo).

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:
Consuelo Sánchez Diego.
Ana Olveira Blanco.

Universidade da Coruña:
Angel S. Fernández Castro.

Universidade de Santiago de Compostela:
José Pereira Fariña.

Universidade de Vigo:
María Montero Muñoz.

• Órganos

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos **órganos colexiados**: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais. O consello conta tamén con dous **órganos unipersonais**, a Presidenta e o Secretario Xeral.

O **Pleno** é o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 35 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudios ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

A **Comisión Permanente** é o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordenación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do consello.

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames están adscritas ás **comisións sectoriais**, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno (con tres membros de cada un dos grupos do plenario). O ces funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

• CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos.
• CS-2: Sector público e benestar social.
• CS-3: Desenvolvemento rexional.
• CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia.

A **presidenta** representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, además de velar polo bo funcionamento do mesmo, mentres que o **secretario xeral** é o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe pública dos seus acordos.

O ámbito das funcións atribuidas ao Consello Económico e Social de Galicia corresponde ás materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, un amplo abano de actividades que teñen incidencia na vida cotiá das galegas e galegos.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, *"enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo"*.

• Procedementos. Cómo funciona o CES.

Para explicar o funcionamento dos distintos órganos do Consello no desenvolvemento das súas funcións, podemos distinguir entre dous tipos de procedementos, o externo, que é o que se segue para solicitar do organismo un ditame, e os internos, que serían os procedementos que segue a esta petición ou calquera dos traballos que se inician.

• O procedemento externo.
O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión de febreiro de 1999, nos seguintes termos:

"1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o

artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesarano do presidente da Xunta. A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese."

• *Os procedementos internos.*
O seu Regulamento de Réxime interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o prodecemento xeral como os distintos procedementos específicos.

O **procedemento xeral** iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. A vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servicios técnicos do consello, en particular do centro de documentación e do Gabinete técnico. se se estima necesario, pode contar co asesoramiento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudios iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entrégaselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello. No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria.

Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ao texto proposto. Se se trata de enmendas totais, éstas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles enmendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio **procedemento específico** de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo ás características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

Xestión económico-administrativa

• Organigrama técnico–administrativo.

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estructura de técnicos e persoal de administración formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos:

• O **Gabinete Técnico** é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudio. Está composto por dous expertos en materias socio-económicas. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das comisións sectoriais. O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello. A partir das súas propostoas, redáctanse ás consideracións, que son aportadas polos distintos membrosda comisión sectorial competente.

• O **Centro de Documentación** e apoio ao Consello é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis amplia gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

A función do Centro de Documentación e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións. O centro ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

• O responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de todas as funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

• As tarefas de exteriorización da actividade do organismo artéllanse no **Gabinete de Comunicación**. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do Secretario Xeral, do seguimento dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do seu labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordinación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria. Entre as súas responsabilidades inclúese tamén, en coordinación co centro de documentación, participar no contido da páxina web do Consello, na que estamos a incluir, nunha área privada para os membros, todo o material documental necesario para o desenvolvemento das distintas sesións das comisións sectoriais.

• O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do centro de documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.

• Tres **auxiliares** administrativos–técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do departamento de xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

• O orzamento

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2017 ascendeu a 819.293 euros, cun incremento de 1,3% respecto ao ano anterior. Malia subida, aínda está lonxe das cifras que manexou o organismo no final de década anterior. O axuste orzamentario dos últimos anos fixo que o nivel de actividade do CES se limitara ás funcións básicas que establece a súa lei de creación. As novas perspectivas que se abren agora, coa recuperación económica permiten abordar unha progresiva elevación desa actividade.

O novo presuposto cun incremento do capítulo I, consecuencia da variación prevista para todo o persoal ao servizo das administracións públicas, e tamén do capítulo II, que resulta esencial para o funcionamento dun organismo da natureza do CES.
Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 553.948 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 265.345 euros.

Un ano de actividade

Entre as actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no ano 2017, en cumprimento das funcións que lle son propias, recollemos de seguido os documentos aprobados (neste ano, tres ditames, a memoria socioeconómica anual e un informe), as reunións celebradas polos seus órganos colexiados, cos seus acordos máis destacados. Tamén facemos un breve resumo da importante actividade institucional desenvolvida nestes doce meses, tanto no marco intercomunitario como no eido europeo, a través da habitual colaboración con organismos homólogos na Rede Transnacional Atlántica (RTA) ou cos CES da "raia" hispano-lusa.

Como sempre, información máis polo miúdo pode atoparse na web do ces, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo. Esta documentación pode atoparse no apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador.

1. DOCUMENTOS APROBADOS

DITAMES

Ditame 1/17: Ditame facultativo sobre o proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, que regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Entre outros aspectos –o texto completo pode atoparse na web–,o ditame contén as observacións formuladas tanto xerais como particulares, valorando positivamente o proxecto do Decreto:



- *O CES valora positivamente o proxecto de Decreto na medida en que amplía a participación e procura un amplo consenso social en materia de dinamización demográfica.*

- *O CES valora o recoñecemento que se fai da súa labor ao significalo no eido da procura da pluralidade e do consenso.*
- ***Exposición de motivos***

  Debería facerse constar, no penúltimo parágrafo da exposición de motivos, que o proxecto normativo someteuse á consulta do Consello Económico e Social de Galicia.

- ***Artigo 6 d) 8º****.*

  En referencia á composición do observatorio na que se alude á presenza, entre outras, das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, hai que dicir que a simple presenza de algunha organización sectorial na dita Mesa Xeral non pode ser suficiente para conferir o dereito a participar en outros órganos da administración que non sexan, exclusivamente, aqueles nos que se adopten acordos que afecten ás condicións de traballo dos empregados públicos. As regras de acceso a *estes órganos en representación do persoal afectado, a efectos de exercicio do dereito de negociación colectiva, en ningún caso poden atribuír un dereito adicional de participación institucional, que está regulado separadamente e reservado en exclusiva a aquelas organizacións sindicais máis representativas segundo a Lei Orgánica de Liberdade Sindical.*

  Asemade o criterio da simple presenza nunha Mesa de Negociación de ámbito sectorial, adoece do mínimo rigor, pois podería darse o caso de que unha organización sindical que non tivese a consideración legal de máis representativa, contando cunha implantación globalmente moi superior a outro sindicato que a teña limitada ao ámbito do emprego público, se vexa privada do acceso a un determinado órgano institucional que a organización con menor representatividade si acada.

Por outro lado, tamén deberíase ter en consideración o Ditame 581/2012 do Consello Consultivo de Galicia, emitido sobre o proxecto de Decreto de creación do Consello Galego de Traballo Autónomo, no que se formula unha observación de legalidade -que entendemos resulta de plena aplicación ao caso que nos ocupa- por canto "a participación institucional das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación deben entenderse referidas, en todo caso, a aqueles órganos de control e seguimento de entidades ou organismos nos que se adopten acordos que afecten ás condicións de traballo dos empregados públicos, e non a outros órganos que exerzan funcións ou facultades que en nada afecten a estas condicións" en harmonía coa lexislación básica do Estado (Lei 7/2007 do Estatuto básico do empregado público) e coa doutrina do Tribunal Constitucional.

De acordo con esta consideración proponse a eliminación da última frase do artigo 6 d) 8º, de maneira que remate o parágrafo en "máis representativas de Galicia".

- ***Artigo 8.1***

  Para una maior claridade da norma, proponse a seguinte mellora de redacción: "A vicepresidencia do observatorio será ostentada pola persoa que propoña o pleno de entre aquelas que, formando..."

- ***Artigo 9***

  O CES considera que se deberían de concretar os aspectos operativos e de índole legal que puidesen derivarse dunha fórmula pouco habitual como é unha Secretaría rotatoria.

Por outra parte, dado que non resulta posible disociar a Secretaría das funcións que esta exerce sería máis correcto aludir ao carácter rotatorio do dito órgano e non ao das súas funcións.

Deste modo o artigo 9.1 quedaría redactado do seguinte xeito:

"A Secretaría do observatorio será desempeñada de forma rotatoria e cunha periodicidade semestral por unha persoa funcionaria pertencente ao Consello Económico e Social de Galicia e por outra persoa funcionaria pertencente á Consellería de Política Social"

De aceptase a redacción proposta, debería suprimirse o último parágrafo do apartado 2 deste artigo 9 relativo ao carácter rotatorio das funcións da Secretaría.

- ***Artigo 10.2 a)***

  Neste artigo regúlase que corresponde ás vogalías "recibir cunha antelación mínima de corenta e oito horas a convocatoria que conteña a orde do día das reunións". Se ben esta redacción deriva do estipulado no artigo 17 1a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización y funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o CES considera que non é suficiente este prazo para unha análise adecuada dos temas que se sometan á consideración do observatorio. Por este motivo solicita que se modifique a redacción no seguinte senso:

  "Recibir, cunha antelación mínima de sete días a convocatoria que conteña a orde do día das reunións, así como a información sobre os temas que figuren na orde do día, salvo nos supostos de urxencia apreciada pola Presidencia do Observatorio, nos que a antelación mínima será de corenta e oito horas".

Por outra parte debera preverse neste artigo, a través da inserción dunha nova letra g), o dereito dos vogais á percepción das indemnizacións que, en concepto de dietas e asistencias, puidera corresponderlles a título persoal. Esta alegación, de aceptarse, suporía tamén a correspondente modificación do segundo inciso da disposición adicional primeira do Decreto 104/2016.

- ***Artigo 13***

  O CES entende que non está suficientemente xustificado o cambio do sistema de adopción de acordos, que modifica o actualmente vixente no que os acordos se adoptan por maioría dos membros presentes, por un sistema, máis infrecuente, de adopción por maioría de 3/5, que o proxecto aplica con carácter xeral sobre calquera tipo de acordos.

Ditame 2/17: Ditame sobre o proxecto de anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.

O ditame, de carácter preceptivo, foi aprobado polo Pleno o 15 de xuño de 2017 cas seguintes consideracións xerais e particulares:



1.- O CES considera que a Lei constitúe un avance na necesaria refundición e actualización das diferentes disposicións que ata o de agora regulaban esta materia, así como na elaboración dunha normativa que considere as especificidades dos Portos de competencia da Comunidade Autónoma.

2- O CES bota en falta no texto deste Anteproxecto a previsión dun Plan Estratéxico integral para todo o sistema portuario de Galicia de competencia autonómica, que marque as

directrices xerais, os obxectivos a alcanzar, e os criterios e requisitos a ter en conta para a planificación, execución e seguimento dos Plans Directores, así como a súa coordinación, aportando coherencia e unidade ao sistema a través dun documento estratéxico plurianual. Dunha banda, o devandito Plan Estratéxico enténdese necesario tendo en conta tanto o número de portos e instalacións portuarias existentes en Galicia como que o anteproxecto obxecto de ditame dará unha exhaustiva regulación sobre os usos e aproveitamentos dos mesmos.

Doutra banda, considérase necesario xa que o Anteproxecto contempla no seu Título II un Capítulo dedicado á planificación portuaria e outro á ordenación urbanística dos portos. En particular, o primeiro prevé a aprobación de Plans Directores para un porto ou conxunto deles que contemplen a planificación de obras e desenvolvementos a executar nesas infraestruturas durante alomenos cinco anos (art. 32); e o segundo a aprobación de plans especiais de ordenación urbanística de cada porto (artigo 38).

3.- No Anteproxecto só hai un artigo (o art. 25) referido ás taxas e tarifas, o cal contrasta coa extensión dedicada a esta cuestión noutros textos legais sobre esta materia. Dada esta circunstancia, poderíase contemplar a inclusión dun Titulo referido ás taxas e tarifas portuarias, no que se desenvolvan o seu concepto, obxecto e réxime xurídico, as competencias de xestión, recadación, inspección e revisión, así como a súa determinación, pago, actualización e revisión. O CES considera que a remisión destas cuestións a unha lei de taxas podería ir en contra dos criterios da especificidade e refundición, polo que, de se manter tan só este artigo, debería ser xustificado.

4.- Na liña das diferentes iniciativas políticas e lexislativas desenvolvidas nos últimos anos dende a Unión Europea e as diferentes Administracións Públicas a prol da redución das cargas administrativas para as empresas, o CES entende que o anteproxecto debería ter en conta a necesidade de coordinación e cooperación entre diferentes administracións.

A modo de exemplo, debería terse en conta en todo o que se refire ao desenvolvemento de actividades que precisen autorizacións ou licenzas vinculadas á propia actividade ou servizo a prestar, e que ademais sexan obxecto de autorización ou concesión por parte de Portos de Galicia (como prevén entre outros, os artigos 30, 56 ou 65 do anteproxecto).

A necesidade de contar con varias autorizacións e someter a diferentes procedementos administrativos unha mesma iniciativa sen ningún tipo de coordinación, dá lugar a cargas administrativas innecesarias, dilata os prazos necesarios para a posta en marcha das iniciativas e incrementa os custos de oportunidade.

Debería preverse, na medida do posible, a coordinación administrativa e a posibilidade de que o promotor puidera solicitar dunha soa vez as licenzas e autorizacións necesarias, para que fosen tramitadas no menor tempo posible e co menor esforzo e gasto burocrático para o administrado. Especialmente cando se trate de autorizacións que dependan da propia administración local na que se ubica o porto ou da administración autonómica.

• Exposición de motivos
Na exposición de motivos do Anteproxecto de Lei faise mención da conveniencia de "dispor dunha normativa propia adaptada ás peculiaridades dos nosos portos, e instalacións, que teña en conta dimensións económicas e sociais, os obxectivos e funcións que deben de cumprir, e a súa enorme dispersión xeográfica". O CES entende que o texto debería facer referencia expresa a cales son as principais desas peculiaridades do sistema portuario galego, aparte da antedita dispersión xeográfica, que xustifican a nova normativa. Nomeadamente, cómpre salientar a súa ampla atomicidade, o que dá lugar a unha oferta moi diseminada e a importantes solapamentos.

En opinión do CES falta algunha concreción a catro importantes aspectos: á función da loxística no desenvolvemento económico-social; á problemática porto-vila e as súas implicacións económico-empresariais; á vinculación coa ordenación territorial e planificación urbanística, dados os excesivos solapamentos entre áreas de influencia dos portos; e á escasa atención aos roles de función pública dos portos.

Por outro lado, o CES considera que na parte final debe incluírse unha mención do preceptivo ditame deste organismo.

Artigo 3. Determinación dos portos competencia da Comunidade Autónoma de Galicia
No apartado 4 indícase que "Nos Portos de competencia da Comunidade Autónoma poderanse realizar operacións comerciais, pesqueiras, deportivas ou recreativas, ou poderán servir de refuxio, avituallamento, reparación ou varada, segundo se estableza regulamentariamente".

O CES considera oportuno incorporar entre as operacións previstas na Lei, as industriais directamente recollidas no Plan de Usos de cada porto.

Artigo 6. Principios xerais de xestión e actuación
En razón dunha maior complitude do texto suxírese engadir no seu apartado 1 os obxectivos de integración e planificación territorial.

No seu apartado 2 establécese que "a xestión dos portos e instalacións portuarias estará orientada a garantir o interese xeral, promovendo a participación da iniciativa privada por medio de concesións e autorizacións no deseño, construción, financiamento e explotación das instalacións portuarias e na prestación de servizos...". En opinión do CES introduce confusión a inclusión, xunto ao principio orientador máis xenérico da xestión, do interese xeral, da promoción da actividade privada, que é un dos instrumentos aplicables na procura dese interese xeral, e loxicamente subordinado a este.

Artigo 8. Obxecto
No apartado 1 enuméranse como competencias de Portos de Galicia "o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións". A este respecto parece necesario incorporar á redacción a competencia de ampliación dos propios portos, non só a das zonas de servizo.

Artigo 11. Órganos da entidade
No relativo á igualdade de xénero o proxecto establece que "no conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galicia procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes". O CES suxire especificar no apartado 2 que atenderá ao principio de "composición equilibrada".

Asemade, no apartado 3 conviría ampliar ás obrigas de transparencia e bo goberno dos titulares dos órganos á propia entidade.

Artigo 13. O Consello Reitor
O CES opina que se deberían concretar con maior precisión na Lei as asociacións de usuarios que deben ter representación no Consello Reitor e que se mencionan no apartado 2. En todo caso, enténdese que, ademais das entidades xa recollidas neste apartado, deberían figurar as organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Ademais, no apartado 3.b) non se di a quen se lle ten que remitir o informe xeral anual da actividade desenvolvida.

Finalmente, o CES entende que no apartado 3 podería contemplarse a aprobación dunha Memoria de Sustentabilidade Ambiental Portuaria, na que se determinarían que indicadores e variables deben ser vixiados e cumpridos anualmente, e que se prevea a súa posterior difusión.

Artigo 15. A Dirección
O apartado 2 deste artigo establece que a dirección "será nomeada entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica profesional, técnica ou científica necesarios". Dende o CES suxírese substituír esta redacción pola de "solvencia profesional, atendendo a criterios académicos, técnicos e científicos". Non obstante, de manterse a redacción de "requisitos necesarios", estes deberían especificarse.

No concernente á atribución á Dirección da capacidade de outorgar "autorizacións de ocupación de dominio público portuario que teñan un prazo de vixencia máximo de dous anos" recollida no apartado 3.c), o CES destaca que non está suficientemente motivado o porqué do prazo de dous anos cando se está a falar de competencias de xestión ordinaria atribuídas a este órgano.

Artigo 16. Actos administrativos da entidade pública empresarial. Recursos e reclamacións
O CES entende que a redacción do apartado 3 –"As resolucións e acordos suxeitos a dereito administrativos ditados polo Consello Reitor e pola Presidencia esgotarán a vía administrativa. Contra eles, só se poderán interpor recursos contencioso-administrativos que resulten procedentes"– é demasiada taxativa polo que propón que se poida interpor recurso de reposición con carácter potestativo previamente ao recurso contencioso-administrativo, segundo dispón a Lei 39/2015 de 1 de outubro.
Finalmente, o CES considera que, en aras dunha maior claridade, debería especificarse no apartado 5 que se refire a unha revisión de oficio.

Artigo 22. Facenda
No apartado 3, letra f, proponse a substitución de "Consellería de Facenda" por "Consellería competente en materia de Facenda".

Artigo 27. Réxime de persoal
O CES entende que o apartado 1 deste artigo debe mellorar a súa redacción, de xeito que indique que o persoal da entidade pública empresarial só poderá ser funcionario, laboral e persoal de alta dirección, polo que propón engadir a palabra "unicamente" ou calquera outra similar que atenda ao criterio sinalado.

1. *O persoal da entidade pública empresarial unicamente poderá ser funcionario ou laboral, e persoal de alta dirección.*

Asemade, considérase que debería ampliarse o apartado 3 indicando a normativa polo que se rexe tanto o persoal laboral como o persoal funcionario, sinalando tamén a participación dos representantes do persoal na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos. Neste senso, propón substituír o punto 3 polos seguintes parágrafos ou outros similares que atendan aos criterios mencionados:

"O persoal laboral do Ente Público Empresarial Portos de Galicia réxese polo convenio colectivo de aplicación, polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O persoal funcionario do Ente Público Empresarial réxese pola normativa reguladora do réxime do empregado público e polas súas normas de desenvolvemento.

A representación do persoal participarán na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos de Portos de Galicia, incluíndo os aspectos relativos á organización, estrutura e marco de actuación en materia de recursos humanos e retribucións, nos termos previstos na lexislación vixente".

Ditame 3/17: "Análise sobre o impacto do Brexit en Galicia"

Con data do 5 de decembro foi solicitado polo Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, valoración do informe sobre os posibles impactos do Brexit na economía galega e nos seus sectores productivos, con tal motivo a Comisión sectorial III, de Desenvolvemento rexional, competente por razón de materia, foi convocada o 18 de decembro para estudiar a petición.

Tendo en conta que o CES esta a realizar un informe sobre o impacto do Brexit en Galicia xunto cos outros CES da fachada atlántica europea que compoñen a RTA e que será realizado o longo do primeiro semestre do 2018, polo momento, e ata o remate de dito informe acordouse pola comisión facer as seguintes consideracións:
-Analizar as consecuencias do Brexit por cada área de actuación.
-Determinar a posición negociadora de Galicia en cada unha das políticas da UE.
-Considerar o reforzo dos servizos de apoio os colectivos afectados.
-Crear un foro de seguimento no que participen os interlocutores económicos e socias.

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Outra das funcións asignadas ao Consello é a elaboración dun estudio global sobre a situación socioeconómica da Comunidade Autónoma, o documento máis significativo que redacta este organismo cada ano. En cumprimenta desa disposición, o Pleno aprobou neste ano a *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2016* (cada ano, estúdiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior).



O documento mantén unha estrutura de cinco capítulos, ademais dun apartado que recolle as opinións, as consideracións dos membros do Consello, as súas inquedanzas consensuadas sobre distintos aspectos da vida económica e social de Galicia. Dende o CES entendemos que este é o principal valor do noso traballo.

Aínda que, como é habitual, esta Memoria 2016, como as anteriores, pode consultarse na páxina web do CES, recóllense de seguido as consideracións mais salientables aportadas polo Consello, agrupadas, segundo a estrutura do documento, en cinco apartados:

1. *PANORAMA ECONÓMICO.*

- ***A economía española***

O CES pon de manifesto que se está moderando o avance do PIB da economía española. Neste senso, considera que o efecto positivo dos factores externos podería esmorecer ante a existencia de riscos que ameazan á economía global. Polo tanto, para darlle pulo ao crecemento, este deberá asentarse, fundamentalmente, nos factores internos.

- ***A economía galega***

O CES resalta a importancia de consolidar o potencial de crecemento posto de manifesto na economía galega ao longo do ano 2016 e fixar así unha base sólida para unha economía sostible, intensiva en coñecemento, competitiva e que permita ter unha sociedade con altos niveis de benestar.

Cun crecemento económico superior ao 3%, o CES considera que persisten desequilibrios na economía galega que a fan vulnerable, tales como a caída da poboación activa ou as elevadas taxas de paro, polo que se debe avanzar nun modelo de crecemento máis sostible, inclusivo e cunha distribución equitativa da riqueza.

- ***Distribución da renda***

Para o CES é necesario a aplicación de medidas que manteñan a puxanza da demanda interna, e así contribuír á redución do desequilibrio existente na distribución funcional da renda.

- ***Marco orzamentario e recadación tributaria***

O CES considera necesario suprimir a limitación da taxa de reposición de efectivos existentes no sector público co obxectivo de dotar de recursos suficientes que permitan garantir uns servizos públicos de calidade.

• ***Evolución demográfica***

O CES demanda unha estratexia global polo desenvolvemento económico e a recuperación de poboación, baixo criterios de solidariedade, cohesión social, garantía de prestación de servizos no rural e fomento do emprego.

Frear o despoboamento de Galicia é para o CES unha das accións prioritarias. Neste senso, insiste ás administracións públicas na necesidade de promover medidas concretas que fomenten incrementos das taxas de natalidade, freen a emigración e favorezan o retorno dos emigrantes.

2. MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS

O CES entende que a evolución positiva do mercado laboral ten que ser matizada tendo en conta a evolución dos indicadores de ocupación e desemprego en comparación co conxunto do Estado, así como pola caída da poboación activa, a elevada temporalidade ou a curta duración dos contratos.

• ***Poboación activa***

O CES quere resaltar que a necesidade de frear a perda de poboación activa, especialmente da poboación máis nova, continúa sendo unha das principais prioridades do mercado de traballo en Galicia.

• ***Ocupación***

Ante a pervivencia de obstáculos no proceso cara unha participación máis igualitaria entre homes e mulleres no traballo remunerado, o CES considera

necesario seguir avanzando nas políticas que permitan equilibrar a posición da muller no mercado laboral.

- ***Poboación ocupada***

O CES considera necesarias accións específicas para as persoas con maior dificultade de inserción ou reinserción laboral, que acometan as súas problemáticas concretas e contribúan a superar a súa situación de desvantaxe, como son as que están en risco de exclusión social, as afectadas por procesos de reestruturación ou as que teñen discapacidade.

O CES considera que hai que desenvolver actuacións que melloren a competitividade das empresas como xeradoras de gran parte do emprego en Galicia.

O CES insta aos poderes públicos a loitar contra o emprego non declarado.

Os indicadores de paro e ocupación confirman o papel do nivel de formación como o elemento clave para acadar un posto de traballo. En opinión do CES isto leva a situar a formación no centro do debate e a crear estratexias que promovan e desenvolvan o talento da nosa xuventude, incentivando o emprendemento e contribuíndo deste xeito ao descenso da taxa de desemprego neste colectivo.

- ***Características e dinámica do mercado de traballo***

En opinión do CES, mellorar a calidade do emprego, especialmente no que atinxe á taxa de temporalidade e á duración dos contratos, o que conleva uns

baixos ingresos, debe ser prioritario para conseguir que o crecemento da economía galega sexa máis inclusivo e permita mellorar o benestar.

- ***Desemprego***

Malia o descenso do desemprego, a taxa de paro en Galicia segue sendo moi elevada en 2016 e urxe acometer medidas encamiñadas a reducila. Entre elas, o CES considera que é preciso reforzar a dotación orzamentaria destinada ás políticas activas de emprego para garantir que teñan un papel determinante na mellora da empregabilidade das persoas paradas e na cualificación dos traballadores e traballadoras en xeral.

En opinión do CES hai que seguir avanzando na loita contra o desemprego con medidas de apoio específicas que permitan, especialmente ás persoas máis novas, ás de maior idade e ás persoas paradas de longa duración, integrarse no mercado laboral.

- ***Relacións laborais***

O CES considera necesario adecuar de maneira continua as cualificacións ao mercado laboral para un aproveitamento eficaz dos recursos e mellorar a empregabilidade da poboación.

A non dispoñibilidade de datos na data de peche da presente memoria non permiten valorar os resultados das políticas activas de emprego nin coñecer en qué medida responden aos obxectivos para os que foron deseñadas. O CES pon de manifesto a necesidade dunha maior publicidade sobre os datos dos fondos destinados a esta función que permita avaliar a súa eficacia.

- ***Seguridade e saúde no traballo***

O CES chama a atención sobre a necesidade de seguir avanzando nas medidas para rebaixar os índices de sinistralidade laboral co obxectivo de garantir a protección dos traballadores, promovendo medidas de apoio ás empresas, en especial ás pemes, para o fomento dunha cultura de prevención.

3: DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

- ***Demografía empresarial***

As Administracións deberían reforzar os mecanismos que apoien o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a supervivencia das mesmas con criterios de viabilidade e sostenibilidade.

Tendo en conta que o 96% das empresas galegas teñen menos de 10 traballadores, tramo no que se concentra a creación de maior número de empresas, é importante favorecer os procesos de crecemento das mesmas atendendo ás súas peculiaridades, xa que so así se poderá consolidar un tecido empresarial galego facéndoo competitivo, forte e xerador de riqueza e emprego.

- ***Estrutura produtiva***

O crecemento sostible esixe seguir avanzando cara un modelo produtivo onde o sector industrial acade un maior peso, favorecendo a competitividade das empresas e o emprego estable e de calidade, xa que Galicia está aínda lonxe de acadar o obxectivo do 20% de participación no VEB para este sector fixado pola comisión europea para o ano 2020. O CES entende preciso dotar

ao sector dos instrumentos de apoio suficientes para que o fagan máis competitivo e que potencien as sinerxías co resto de sectores produtivos.

Resulta crucial compatibilizar o conxunto de estímulos públicos que aborden as debilidades dun entramado produtivo diverso dende o punto de vista das súas capacidades, ben polos patróns de evolución sectorial ou polo propio tamaño das empresas. Particularmente, necesitamos integrar coherentemente as políticas de I+D ou de implantación da Industria 4.0 coa énfase na sistematización da innovación, a internacionalización das vendas, ou a maior fertilización cruzada de capital humano, tecnoloxías e innovacións organizativas.

Apostar por políticas que contribúan a crear un tecido produtivo xerador de alto valor engadido e emprego de calidade, fomentando o aumento das actividades de I+D+i en todos os sectores, é para o CES unha condición necesaria para unha recuperación sostible que contribúa a unha redución da desigualdade e favoreza o crecemento económico.

Sector primario

O sector industrial agroalimentario debe de servir para apuntalar as producións primarias tradicionais nos ámbitos agrario e pesqueiro, para asegurar o mantemento dos postos de traballo, garantir a elaboración de alimentos de calidade de maneira sustentable e vertebrar o coidado e desenvolvemento do ámbito rural galego, especialmente nas zonas que teñen risco de despoboamento.

Dada a especificidade da frota artesanal galega e a súa importancia económica e demográfica no territorio, o CES estima que se debería darlle un tratamento diferenciado respecto á pesca semiindustrial e/ou industrial.

Ante a forte presenza en Galicia da muller no mundo do mar, o CES considera de interés traballar para a visibilización da actividade destas mulleres.

Sector industrial

O sector industrial galego, particularmente no ámbito manufactureiro, continuou coa recuperación iniciada en 2015 tras o retroceso sufrido polo Valor Engadido Bruto, que nos sitúa hoxe en día en niveis de 2004. O seu impacto potencial na economía e os retos aos que se enfronta, expresados na declaración institucional recentemente aprobada polo CES, deben levar ao deseño de políticas públicas que faciliten as transicións necesarias de emprego e cualificacións, por un lado, e a innovación e a apertura de novos mercados, polo outro.

A evolución negativa das actividades de fabricación de maquinaria e equipamento debe ser obxecto dunha atención especial pola súa transversalidade en termos de impacto tecnolóxico e xeración de spillovers de coñecemento.

O CES entende prioritario avanzar na oferta, planificación e xestión do solo industrial, dende unha visión integral da ordenación do territorio, que garanta unha dotación suficiente, equilibrada e ordenada de áreas industriais.

Debería valorarse a posibilidade de que os consumidores galegos, tanto particulares como industriais, poidan obter un retorno positivo no custo eléctrico polos efectos ambientais negativos que na nosa Comunidade ten a xeración de enerxía eléctrica.

O esforzo do sector metalúrxico galego na súa reorientación cara a actividades intensivas en coñecemento, como a reparación naval e o sector off-shore, debe ir acompañado de medidas que lle permitan aproveitar o coñecemento e experiencia, sendo fundamental a colaboración entre o sector público e privado en materia de I+D+i, para que as empresas sexan competitivas nun sector altamente profesionalizado.

Sector da construción

Despois dunha severa reestruturación, o sector da construción enfróntase a importantes retos na busca de oportunidades como a rehabilitación de vivendas, o desenvolvemento e o mantemento de infraestruturas, o investimento en estruturas que fomenten a eficiencia enerxética ou a innovación en materiais entre outros, todo isto para acadar un crecemento dimensionado e equilibrado.

Sector servizos

O sector industrial debe contemplarse en sentido amplo, integrando ao sector manufactureiro e aos servizos asociados a súa cadea de valor, por ser dúas caras da mesma moeda. O CES entende que debe potenciarse un sector servizos de calidade que acompañe á industria manufactureira.

Débese apostar por un turismo sustentable, cunha oferta diversificada que reduza a estacionalidade, favorecendo a creación de emprego estable e cualificado.

O CES considera necesario cumprir os prazos establecidos para o remate das infraestruturas ferroviarias, manter a rede convencional e potenciar o uso da rede ferroviaria no transporte de mercadorías.

O CES aposta por unhas infraestruturas vertebradoras e eficaces, polo transporte público, a intermodalidade e a loxística.

O proceso de axuste cara un novo modelo de negocio do sector bancario estase traducindo nun redimensionamento que conleva a redución de plantillas e o peche de oficinas. O proceso de transformación cara á banca dixital esixe un tempo de transición e adaptación dos clientes que deberá realizarse de xeito paulatino. O CES considera necesario que esta transformación se leve a cabo tendo en conta as necesidades dos clientes, especialmente no medio rural.

Comercio exterior

O bo comportamento do sector exterior pon de manifesto a competitividade das empresas galegas e a oportunidade de abrir mercados no exterior. O CES considera importante todos os instrumentos de apoio existentes así como a súa coordinación, tanto para lograr unha maior presencia no exterior como para facer máis atractiva a captación do investimento estranxeiro.

4.CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

- ***Saúde***

Seguindo as recomendacións da Organización Mundial da Saúde, o CES considera que as políticas sanitarias deben dirixir os seus esforzos á prevención das enfermidades e a fortalecer o vínculo entre saúde e benestar social. A comunidade de saúde pública, tanto nacional como internacional, debe adoptar un novo enfoque no que se reforcen as actividades de prevención e control das enfermidades crónicas. Estas enfermidades teñen factores de risco comúns e modificables, nos que destacan a alimentación pouco sa, a inactividade física e o consumo de tabaco.

O CES considera prioritario solicitar dos poderes públicos que doten á poboación dun sistema sanitario eficiente a través da habilitación de medidas e medios suficientes, adaptados ás características e necesidades da poboación e que garantan os máximos estándares de calidade.

- ***Pobreza e cohesión social***

As taxas de pobreza e desigualdade que se rexistran no ano 2016 en Galicia seguen sen mostrar claramente a recuperación que se observa nas variables macroeconómicas. O efectos negativos da crise económica sobre os niveis de renda, de desigualdade e de pobreza non están retrocedendo coa mesma intensidade que mostra o crecemento do PIB no último ano. O CES entende necesario adoptar medidas que permitan un crecemento inclusivo, prestando especial atención aos colectivos en risco de exclusión social.

É necesario intensificar e coordinar as actuacións entre todas as institucións involucradas na loita contra a pobreza, avanzando cara unha sociedade máis inclusiva e igualitaria.

O CES pon de manifesto a necesidade de facilitar o acceso á electricidade e gas aos fogares galegos en situación de pobreza enerxética.

O CES quere por de manifesto que organismos como o Fondo Monetario Internacional advirten de que unha maior desigualdade está asociada a un menor crecemento económico, de xeito que esta desigualdade pode inducir aos fogares con rendas medias e baixas a endebedarse excesivamente, o que ralentiza e incluso pode impedir a saída da crise económica.

A redución dos niveis de pobreza e a consecución da igualdade social debería estruturarse en medidas que en todo caso teñen que incluír a atención ás persoas en situación de dependencia e discapacidade e garantir un financiamento suficiente, preferentemente mediante prestacións de servizos profesionais.

O escenario demográfico galego, marcado por un intenso envellecemento da poboación, demanda cada vez un maior esforzo do sistema de protección social, en concreto da protección das persoas maiores en situación de dependencia.

O CES quere chamar a atención na necesidade de avanzar na redución das listas de agarda nos casos de persoas dependentes con valoración positiva

para acceder ás prestacións, xa que están nesta situación o 26% das persoas dependentes en Galicia.

Na valoración da evolución dos niveis de benestar dunha sociedade, o CES considera fundamental destacar a incidencia dos distintos tipos de violencia e, en especial, da violencia de xénero.

O CES considera necesario potenciar as medidas de apoio e de protección aos xóvenes, nomeadamente aos menores, e ás familias máis vulnerables.

- ***Cobertura social***

O CES insta a reforzar o sistema de protección social como elemento de cohesión e diminución das desigualdades, especialmente na nosa comunidade onde a estrutura económica e demográfica determinan unha gran dependencia de prestacións e subsidios sociais.

O CES solicita que, no marco do Pacto de Toledo se realicen propostas de adaptación e reforma do sistema baseadas en acordos políticos e sociais amplos, para garantir o mantemento do nivel de protección social e a sustentabilidade do sistema. Así mesmo insta a apostar por un modelo produtivo de alto valor engadido que xere emprego de calidade, como unha das medidas que poderían contribuír á estabilidade financeira do sistema a longo prazo.

O CES chama a atención sobre a necesidade de mellorar e ampliar a cobertura por desemprego con reformas no sistema de protección que cubran

as necesidades da poboación parada e reclama medidas específicas para os traballadores con especiais dificultades de inserción laboral.

- ***Medio ambiente e desenvolvemento sostible***

Dada a importancia da preservación do medio ambiente, a loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sostible, o CES insta aos poderes públicos a reforzar os medios existentes, a concienciar e educar, así como a promover medidas para acadar un desenvolvemento económico compatible coa preservación do noso entorno.

Dado o aumento nas emisión de gases de efecto invernadoiro e o seu efecto adverso na loita contra o cambio climático, o CES considera necesario aumentar os esforzos na redución deste tipo de emisións e contribuír así a acadar os obxectivos fixados na Estratexia europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador.

Galicia é a sétima Comunidade con menor superficie terrestre protexida en relación á súa superficie territorial total. A falla de protección específica para determinadas zonas e especies sensibles e, fundamentalmente, os incendios forestais son as principais ameazas medioambientais en Galicia

Dada a importancia económica e medioambiental das rías galegas, o CES chama a atención sobre a necesidade urxente do saneamento integral das mesmas.

5. RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***Capital humano***

O CES insiste na necesidade da elaboración consensuada dunha lei educativa con intención de permanencia.

A pesares das melloras producidas, o CES advirte a Administración Pública que cómpre insistir en medidas de apoio que rebaixen as cifras de abandono escolar temperá, xa que son a antesala dos conseguintes problemas de fracaso escolar, laboral e económico.

Considérase necesario que a educación e a formación sexan innovadoras e de calidade para proporcionar coñecemento e competencias eficaces que favorezan o desenvolvemento integral das persoas, a súa empregabilidade e o emprendemento.

O CES entende necesaria unha maior flexibilización dos procedementos e da estrutura administrativa das institucións de educación superior que permita, tanto adaptarse as distintas modalidades de formación que demanda a sociedade actual, como incrementar a colaboración empresa-universidade para unha maior transferencia de coñecemento.

O CES resalta a importancia do papel das bolsas e axudas públicas para garantir o acceso equitativo á educación e a igualdade de oportunidades, contribuíndo así ao aumento e mellora do capital humano.

Dado o avance da formación profesional dual, en opinión do CES é necesario completar a súa normativa reguladora para dotar dun marco homoxéneo e estable a esta modalidade en todo o territorio español.

Ante a persistencia e as consecuencias que supón o acoso escolar, o CES quere facer un chamamento a todos os axentes formais e informais que participan de forma activa no ámbito educativo para que se poñan os medios necesarios para o desenvolvemento de accións específicas que freen e impidan este tipo de situacións, poñendo especial énfase no papel das novas tecnoloxías nos novos casos de violencia escolar.

- ***Competitividade rexional e índice sintético de innovación***

Para avanzar no medio prazo no Índice de Competitividade Rexional, Galicia precisa facer especial fincapé na dotación de infraestruturas e nas reformas que afectan ao tamaño do mercado.

A mellora no Índice Sintético de Innovación debe centrarse en dous piares: o estímulo do emprego cara actividades intensivas en coñecemento con rateos de produtividade maiores (a través das políticas de I+D, do apoio ao emprendemento, do estímulo á modernización tecnolóxica, entre outras) e as reformas normativas que fomenten os incentivos correctos para liberar o potencial do noso capital humano e incrementar a eficiencia na utilización dos recursos.

- ***Innovación e tecnoloxía***

A innovación tecnolóxica constante constitúe unha oportunidade para a mellora da nosa competitividade pero é tamén un desafío polo seu impacto, non so sobre a nosa economía senón sobre toda a sociedade. Neste senso, o

CES considera necesario estar atentos ao alcance das transformacións que traerá o desenvolvemento dixital.

INFORME: POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO

A súa normativa de creación establece que o CES poida tamén levar a cabo informes ou estudios sobre distintos aspectos socioeconómicos para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

Neste ano 2017, aprobouse polo Pleno en sesión extraordinaria 1/17 do dous de xuño a presentación da iniciativa "Por unha alianza no sector industrial galego" e a proposta de declaración institucional sobre o sector industrial galego.

Para respaldar esta iniciativa, estiveron presentes no Pleno, además dos membros do Consello, os reitores das tres universidades galegas, o presidente da CEG, o secretario xeral de Comisións Obreiras, outros representantes dos sindicatos, o director do IGAPE e o do IDEGA.

O informe, a iniciativa propia, cuxos traballos duraron algo mais dun ano, foron coordinados polo profesor da Universidade de Vigo, Xosé Henrique Vázquez e pretende conseguir o consenso dos interlocutores sociais sobre as liñas a seguir para garantir o futuro da industria e os seus servizos asociados. Segundo os seus promotores, o CES, como foro permanente de diálogo entre as organizacións que conforman o tecido económico e social e as institucións autonómicas, é o marco idóneo para acometer esta tarefa. “Abordamos este traballo como una forma de ampliar a participación dos axentes socioeconómicos no labor de interlocución do CES”, salientou a presidenta do organismo, Corina Porro. Para a presidenta, “este estudo non substitúe a ningunha das iniciativas anteriores que, con notable éxito, se teñen realizado desde outras organizacións e desde a propia Xunta de Galicia a través do Igape”. A idea do Consello é complementar os esforzos xa feitos para atopar unha visión compartida “que nos una a todos na procura dun empuxe sostido ao noso sector industrial".

Logo da identificación dos actores e as súas funcións, a definición dos grupos de traballo por cada área seguindo o criterio de representatividade, a metodoloxía de traballo iniciouse coa identificación dos retos e propostas que outros países teñen despregado en experiencias similares, e logo observar cales delas poderían ser viables, adaptables e compartidas polas diferentes perspectivas dos interlocutores sobre as dinámicas da organización empresarial.

O índice ao longo de nove capítulos e unha selección de propostas de actuación en fichas aborda aspectos como o sector industrial na economía global e a súa evolución recente, as regulacións das condicións marco, o capital humano e a súa formación, a modernización tecnolóxica, a innovación dos modelos de negocio ou os aspectos enerxéticos e medioambientais.

O informe foi aprobado por unanimidade do Pleno o 15 de decembro de 2017.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL
DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Por unha alianzano sector industrial galego

Nunha era de intenso cambio tecnolóxico e globalización económica, o sector manufactureiro galego está sufrindo fortes presións de grande impacto na súa capacidade para xerar valor e emprego. Tal e como se leva expresando nos últimos anos na Memoria Socioeconómica de Galicia elaborada polo Consello Económico e Social (CES), esta dinámica está xerando importantes prexuízos no efecto que tradicionalmente ten o sector manufactureiro sobre o crecemento da nosa economía.

En primeiro lugar, dificulta o avance na produción e xeración de coñecemento en bens de equipo, o cal representa o cerne do noso potencial para estabilizar un crecemento económico sostido. Doutro lado, os problemas do noso sector manufactureiro exercen un efecto multiplicador negativo sobre o desenvolvemento dunha parte importante das actividades de servizos que forman parte da súa cadea de valor. En terceiro lugar, tendo en conta que só o 20% do comercio internacional está composto por servizos, a fortaleza do noso sector manufactureiro

condiciona significativamente a nosas posibilidades exportadoras e, por tanto, a nosa capacidade de inserción na economía internacional.

Para o CES, a elaboración dunha diagnose pasa por identificar as dúas grandes forzas motrices que condicionarán nos próximos dez anos as nosas posibilidades de emendar a situación actual:

Por unha banda, aínda con certos altibaixos, existe unha crecente integración económica −alén da europeización da nosa economía− motivada pola espectacular redución dos custos de transporte e comunicación, así como pola diminución das barreiras técnicas e legais ao intercambio internacional de bens, servizos, capital, coñecemento e, en menor medida, persoas. A competencia nos mercados tradicionais das empresas galegas procede así, coma sempre, dos países con altas taxas de I+D, pero tamén cada vez con máis forza dun crecente número de países que, ademais de menores custos laborais e medioambientais, contan cun capital humano en rápida expansión dende o punto de vista das súas cualificacións. O certo é que, pese ás fortalezas do noso sector industrial asentadas sobre o dinamismo emprendedor de certos sectores, son cada vez máis evidentes as dificultades que temos para atraer novos investimentos de empresas foráneas e reter os daquelas que xa teñen centros de produción en Galicia.

A próxima xeira de desprazamentos de emprego non provirá, porén, da rivalidade internacional, e moito menos de relocalizacións da produción en lugares próximos a Galicia. O ritmo implacable da automatización estanos aproximando a un cambio de paradigma de consecuencias dificilmente previsibles sobre a cantidade e a cualificación do emprego. A revolución que se está a dar no ámbito da Intelixencia Artificial, aproximadamente dende 2010, xerará no curto prazo novos tipos de emprego e posibilitará o desenvolvemento de modelos de negocio diferentes. Paralelamente, sen embargo, sabemos que se van producir transicións de emprego ás que haberá que facer frente, tanto no ámbito operario como no máis cualificado. O horizonte mundial a 10 anos remite así a un período de certa incógnita respecto ao crecemento económico, así como á necesidade de abordar posibles niveis de desigualdade que quizais tensionen o Estado de Benestar europeo.

*Neste contexto, o CES, como o mais xenuíno foro representativo dos intereses económicos e sociais de Galicia, decidiu liderar unha iniciativa, denominada "**POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO**", que busca canalizar e intensificar a capacidade de diálogo dos interlocutores sociais galegos para cooperar*

no desenvolvemento dunha política industrial de longo prazo que asegure un "crecemento económico inclusivo"; idea que fai referencia ao tipo de crecemento no que participan e do que se benefician amplos segmentos da sociedade sen comprometer a capacidade de xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades.

O "sector industrial" agrupa nesta iniciativa a industria manufactureira e os servizos asociados a súa cadea de valor. Manufacturas e servitización son hoxendía dúas caras da mesma moeda na proposición de valor: deben intensificar a relación entre fabricante e usuario dotando aos produtos tanxibles de servizos intanxibles (e.g., instalación, mantemento, asesoramento, formación, mellora de funcionalidades, instrumentos de cobro e pago, etc.)

En troques, por "política industrial" entenderemos o conxunto de iniciativas que procuran a transformación estrutural da economía cara actividades de maior produtividade.

Baixo este marco analítico, o CES reclama fórmulas de intervención horizontal que actúen sobre o entorno económico sen discriminación sectorial, así como ferramentas que aborden problemáticas verticais concretas de sectores específicos.

Resulta urxente, en primeiro lugar, reflexionar sobre a ***REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS MARCO*** *que dan cobertura á actividade empresarial. Leis, normativas, prácticas empresariais e políticas... deben ser obxecto de reforma porque condicionan os incentivos para liberar o potencial do noso capital humano e emprendedor, incrementar a eficiencia na utilización dos recursos, e desenvolver en xeral as capacidades que garanten un crecemento sostido da produtividade tendo presente a posta en valor das condicións laborais das persoas traballadoras como recurso imprescindible no desenvolvemento industrial galego.*

O segundo dos eidos que o CES considera importante repensar é a que ten que ver coa competitividade dos ***FACTORES TERRITORIAIS CLAVE****. Boa parte da retórica actual sobre as dificultades do noso sector manufactureiro para competir nos mercados internacionais, e mesmo para atraer novos investimentos, requiren de actuacións decididas en materia de chan industrial, condicionamentos loxísticos, infraestruturas físicas e Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), custo e calidade da subministración enerxética, e posibilidades de redución e tratamento de refugallos.*

En terceiro lugar, todo o potencial de futuro da nosa industria depende das competencias e capacidades que logremos desenvolver no noso ***CAPITAL HUMANO*** *e, en menor medida –dada a nosa limitada capacidade de atracción de talento internacional– da habilidade para captar profesionais e investigadores galegos no exterior, así como persoal técnico e de xestión con localización adxacente no Noroeste peninsular. Resultará particularmente importante deseñar políticas flexibles de adaptación das cualificacións para facilitar transicións non traumáticas de emprego provocadas pola nova xeira de cambios tecnolóxicos.*

Un cuarto punto considerado crucial polo CES ten que ver coa ***INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN****. Nun entorno globalizado onde a intensidade e velocidade de difusión do cambio tecnolóxico está xa condicionando a maneira de producir e consumir, o CES considera crucial complementar a preocupación polo nivel de gasto público en I+D+i cunha obsesión constante e permanente pola eficacia dese gasto. Nun entorno como o actual, faise máis necesario que nunca que as administracións públicas leven intelixentemente o temón da I+D+i nun barco onde os interlocutores sociais poidan remar sincronizadamente.*

Finalmente, o CES centra o seu foco de atención sobre o ***INVESTIMENTO E ATRACCIÓN/RETENCIÓN DE CAPITAIS****. Calquera das áreas de traballo anteriores teñen un efecto significativo sobre este aspecto, pero a súa importancia intrínseca require de actuacións decididas que o CES desexa salientar baixo a forma de iniciativas que afectan á dimensión, acceso ao financiamento e estrutura de capital, ou á apertura comercial e aos fluxos e stocks nos mercados de capitais. Cunha énfase especial, sen embargo, o CES propón unha vixilancia específica sobre a captación de investimentos internacionais e ós incentivos á retención da actividade industrial relocalizable.*

Sobre a base desta declaración, a iniciativa "POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO" buscará mobilizar todas as vontades necesarias para consolidar a transición cara un ecosistema adaptativo capaz de xerar emprego estable e de calidade; un ecosistema que compatibilice a consolidación como centro xeográfico de produción material de certos bens e servizos avanzados cunha aposta firme e sostida pola xeración de coñecemento para a innovación.

En Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2017.

REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, además dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade do exercicio 2017, demandou a celebración de cinco sesións plenarias, outras seis reunións da Comisión Permanente e vintecinco sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos. Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados.

Pleno: 5 sesións

- 1/17 celebrado o 2 de xuño: presentación da iniciativa "Por unha alianza no sector industrial galego" e aprobación da proposta de declaración institucional sobre o sector industrial galego.
- 2/17 celebrado o 15 de xuño: proposta de aprobación do ditame sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.
- 3/17 celebrado o 21 de xullo: aprobación da Memoria económica e social de Galicia 2016 e informe de situación do traballo sobre o sector industrial.
- 4/17 celebrado o 11 de outubro: aprobación proposta do orzamento do CES 2018 e situación da organización Xóvenes Agricultores.
- 5/17 celebrado o 15 de decembro: aprobación do informe "Por unha alianza no sector industrial galego".

Comisión Permanente: 6 sesións

- 1/17 celebrada o 8 de febreiro: inicio dos traballos de elaboración do informe "Por unha alianza no sector industrial galego" e informe sobre a Lei de participación institucional de Galicia.

- 2/17 celebrada o 30 de abril: proposta ditame do Observatorio Demográfico.
- 3/17 celebrada o 13 de xuño: proposta final do ditame da Lei de Portos de Galicia.
- 4/17 celebrado o 12 de xullo: proposta Memoria socioeconómica 2016 e informe de situación do traballo sobre o sector industrial.
- 5/17 celebrada o 9 de outubro: aprobación proposta de orzamento do CES 2018 e situación da organización Xóvenes Agricultores.
- 6/17 celebrada o 13 de decembro: proposta de aprobación do informe "Por unha alianza no sector industrial galego".

Comisión Sectorial nº 1- Economía, emprego e sectores productivos: 0 sesións.

Aínda que é das máis activas, dado que o seu ámbito de actuación é moi amplo e abrangue multitude de campos, neste exercicio non foi convocada ninguhna sesión.

Comisión sectorial nº 2- Sector público e benestar social: 6 sesións.

Neste exercicio estivo adicada a elaboración das propostas de ditame sobre o anteproxecto da Lei de Portos de Galicia e o proxecto de decreto que modifica o Observatorio de Dinamización Demográfica.

- 1/17 en sesión do 17 de abril: Estudio alegacións presentadas en relación con decreto polo que se modifica o Decreto 104/2016, so 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio de dinamización Demográfica.
- 2/17 celebrada o 9 de maio: comparecencia do presidente de Portos de Galicia en relación con ditame sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.
- 3/17 celebrada o 31 de maio: estudio da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.
- 4/17 celebrada o 1 de xuño: continuación co estudo da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.
- 5/17 celebrada o 5 de xuño: continuación co estudo da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia.
- 6/17 celebrada o 9 de xuño: Revisión do texto da versión final da proposta de ditame sobre o anteproxecto de Lei de Portos de Galicia

Comisión sectorial nº 3- Desenvolvemento Rexional: 6 sesións.

Comisión encargada de elaboración dos informes territoriais, encargouse do estudio do sector industrial, "Por unha alianza no sector industrial galego" e do análise do impacto do Brexit en Galicia.

- 1/17 celebrada o 22 de febreiro: comenzo dos traballos do informe sobre o sector industrial en Galicia e o seu posicionamento na economía global.
- 2/17 celebrada o 3 de outubro: estudio do borrador da primeira parte do capítulos 1 a 4, do informe "Por unha alianza no sector industrial galego".

- 3/17 celebrada o 30 de outubro: estudio do borrador dos capítulos 5 a 9 (Principais áreas de intervención) do informe "Por unha alianza no sector industrial galego".
- 4/17 celebrada o 23 de novembro: estudio da proposta (entregable final) do informe "Por unha alianza no sector industrial galego".
- 5/17 celebrada o 11 de decembro: repaso final do estudio e das propostas cas modificacións incorporadas do informe "Por unha alianza do sector industrial galego" e aprobación da Comisión.
- 6/17 celebrada o 18 de decembro: Valoración do informe "Análise sobre o impacto do Brexit en Galicia".

Comisión sectorial nº 4- Memoria socioeconómica: 13 sesións.

Como cada ano, a Comisión Sectorial nº 4 elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2016, para o que foron necesarias trece sesións debido as deliberacións e debates xurdidos cas novas propostas vencelladas coa fiscalidade e o emprego fruto do acontecer da nosa economía.

- 1/17 celebrada o 28 de abril: comenzo dos traballos co análise da proposta do Capítulo 4-Calidade de vida e benestar social.
- 2/17 celebrada o 5 de maio: análise do Capítulo 2- Mercado de traballo e relacións laborais.
- 3/17 celebrada o 11 de maio: análise da proposta do Capítulo 3, parte I e parte II-Dinamismo do tecido produtivo.
- 4/17 celebrada o 18 de maio: análise da proposta do Capítulo 1- Panoráma económico e proposta de análise dos salarios nas fontes tributarias.
- 5/17 celebrada o 24 de maio: análise da proposta do Capítulo 5- Recursos e capacidades para o desenvolvemento.

- 6/17 celebrada o 1 de xuño: análise de nova proposta do Capítulo 3 coas modificacións introducidas na comisión e proposta do resumo do mesmo.
- 7/17 celebrada o 8 de xuño: estudo da nova proposta do Capítulo 1 coas modificacións e estudo e síntesi das consideracións achegadas.
- 8/17 celebrada o 13 de xuño: estudo do novo Capítulo 4 e estudo das propostas de consideracións dos Capítulos 3 e 4 xunto ca proposta de aprobación das consideracións do capítulo 1.
- 9/17 celebrada o 15 de xuño: continuación co estudo de propostas do capítulo 4, as pendentes do capítulo 3 e aprobacións das do capítulo 1.
- 10/17 celebrada o 21 de xuño: análise de consideración pendentes e as novas aportadas ao capítulo 2 xunto co estudo da nova proposta do mesmo.
- 11/17 celebrada o 22 de xuño: continúase co estudo e debate das consideracións do capítulo 2.
- 12/17 celebrada o 29 de xuño: propostas do novo capítulo 5 e consideracións do mesmo e continuación cas do 2 debido aos debates xurdidos neste punto da memoria.
- 13/17 celebrada o 6 de xullo: estudo final das consideracións da memoria e decisións acerca dos debates acontecidos respeto as estadísticas do imposto de sociedades e política fiscal que se propuxeron incorporar na memoria deste ano.

ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, dirixida á plasmación do seu labor consultivo, o CES desenvolve tamén actividades externas, de colaboración con outros organismos similares ou de participación en organizacións de ámbito europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquedanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

- **XORNADA: "El relanzamiento de la enonomía azul en la fachada atlántica"**

O 21 de febreiro de 2017 tivo lugar a xornada de estudo organizada polo CES Galicia e celebrada en Vigo, no edificio de sesións da Autoridade Portuaria e en colaboración ca Rede Transnacional Atlántica (RTA) de consellos económicos e sociais e o Porto de Vigo.

A xornada abordou os retos que está a plantexar o futuro das comunidades atlánticas para o desenvolvemento sostible e a integración económica das actividades vencelladas ao mar.

Preto dun centenar de representantes de colectivos empresariais, institucionais, políticos e axentes socioeconómicos de distintos sectores relacionados coa economía do mar, déronse cita no salón de actos da Autoridad Portuaria de Vigo para asistir a unha interesante serie de conferencias que foron detallando as novas iniciativas que están a desenvolverse nese eido.

Logo dunhas palabras de benvida a cargo da presidenta do CES, Corina Porro, Michel Hortolan, presidente da RTA e Enrique López Veiga, presidente da Autoridade Portuaria de Vigo douse paso, por parte do secretario xeral do CES,

Juan José Gallego Fouz aos tres ponentes, figuras destacadas nos seus respectivos ámbitos profesionais:

- 1ª Ponencia: " La industria automovilística, ejemplo de integración atlántica" a cargo do director do Polo Industrial Ibérico do Grupo PSA y do Centro de Vigo, Fréderic Puech, falou da actividade da empresa no ámbito atlántico e puxo de manifesto o concepto de integración na fachada atlántica , desde Francia, con España e Portugal e mesmo estendendo o seu radio de acción ata Marrocos. Puech comentou os novos plans da PSA e as súas políticas de mellora da competitividade como fórmula para seguir a ser unha referencia europea no sector.

- 2ª Ponencia: "El mar como fuente de riqueza" por Teresa Pedrosa Silva, delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, ponencia que resultou tamén de gran interés, centrada nas novas actividades produtivas relacionadas co mar. Pedrosa fixo fincapé nas numerosas inicitivas que, apoiadas na investigación o desenvolvemento e a innovación, están a desenvolverse na área de Vigo e que buscan tamén unha dinamización da economía en sectores menos tradicionais, aínda que vencellados a eles.

- 3ª Ponencia: "Estrategia atlántica e crecimento azul" coa intervención do presidente da Autoridade Portuaria viguesa, Enrique López Veiga, que explicou a estratexia de crecemento azul do porto, un plan a medio plazo que, recollendo a iniciativa comunitaria nese senso, está a desenvolver o seu equipo.

A xornada pechouse cunhas palabras de clausura a cargo da conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa Quintana Carballo.

- **XORNADA: “Tendencias sectoriais e retos comúns na industria galega”.**

Enmarcada na iniciativa **Por unha alianza no sector industrial galego**, celebrouse en Vigo, na área portuaria de Bouzas o 31 de outubro de 2017. O evento foi organizado polo CES Galicia en colaboración, neste caso, co Consorcio Zona Franca de Vigo e o IGAPE.

A xornada reuniu a destacados representantes do sector, dos centros de coñecemento e dos axentes económicos e sociais.

Nas intervencións inaugurais ,a cargo do Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde quen indicou que a clave da adaptación ao cambio está na innovación; Teresa Pedrosa, Delegada do Consorcio da Zona Franca de Vigo que falou dun mundo cambiante, que se move moi rápido e da necesidade de seguir traballando para incrementar o número de empresas

exportadoras e Corina Porro, Presidenta do CES Galicia, quen destacou na súa intervención que debemos mobilizar todas as vontades para consolidar a transformación do sector industrial.

Logo da apertura da xornada, tivo lugar a primeira rolda de intervencións, con representantes de distintos sectores punteiros, dende o manufactureiro galego do textil, automoción, equipamento electrónico e software industrial, os cales, falaron de innovación, dixitalización e novos retos, un exercicio de prospectiva tecnolóxica e análise de cambios nos modelos de negocio co obxectivo de observar patróns evolutivos sectoriais e retos compartidos.

Nesta primeira mesa, moderada por Antonio Sartal da Universidade Nova de Lisboa participaron Diego Piñeiro (I+D+I en Selmark), Iago Rodicio (Director Parsec Iberia), Carlos Groba (Director TIC MARINE INSTRUMENTS) e Luís M. Lozano (Supply Chain Transformation en PSA-Vigo).

A segunda mesa redonda " A visión dos interlocutores sociais", con representantes dos tres sindicatos maioritarios (UGT,CIG, CC.OO) e da CEG expuxeron as súas perspectivas sobre os retos aos que se enfrenta o sector industrial e puxeron o acento nas ameazas que os novos procesos en marcha poden significar para o emprego, a súa calidade, e insistiron na necesidade de formación.

A mesa foi moderada por Xosé H. Vázquez da Universidade de Vigo e membro titular do CES e contou ca participación de Javier Carreiro (Secretario Xeral de Industria FICA-UGT), Miguel Malvido (Secretario Confederal de Institucional da CIG), Víctor Ledo (Secretario Xeral da Federación de Industria de CC.OO Galicia) e Jorge Cebreiros (Vicepresidente da CEG).

- **ACTO DE PRESENTACIÓN EN FERROL DO INFORME "Ferrol e a súa área de influencia".**

O xoves 23 de marzo de 2017 presentouse en acto público o informe, que fora aprobado polo Pleno do 21 de decembro do ano 2016 en Ferrol, no salón de actos da Universidade, no campus de Esteiro.

Ferrol e a súa área de influencia poden afrontar o futuro con optimismo. Así se recolle nas conclusións do informe do CES que se presenta na cidade naval coa presencia de representantes políticos, institucionais e axentes económicos. Na súa intervención, a presidenta do Consello, Corina Porro, salientou que existen importantes recursos e capacidades con potencialidade para mellorar a competitividade do seu tecido empresarial e a calidade de vida dos seus cidadáns. Acompañada pola vicerreitora do campus de Ferrol, Araceli Torres, e polo alcalde da cidade, Jorge Suárez, a presidenta repasou polo miúdo o contido do informe e salientou o valor do consenso acadado entre todos os axentes presentes no CES que, a través dun proceso de diálogo e negociación, foron quen de acadar a unanimidade nas súas análises e propostas de futuro.

Aínda que constatou problemas graves na zona, en particular a caída demográfica, e a necesidade de elaborar un plan de emprego e reindustrialización, a presidenta do CES insistiu nas potencialidades da área para mellorar. O informe do CES contén directrices estratéxicas e propostas de futuro que, agrupadas a modo de decálogo, centran a súa ollada, entre outros espectos, na creación de emprego de calidade para fixar poboación, a necesidade dun plan industrial centrado nas potencialidades do sector naval pero aberto a novos sectores, a mellora das infraestruturas, e a colaboración entre todos os actores principais, entre os que nomeou a Navantia, o Porto, a Universidade e a Armada.

Porro rematou lembrando que o CES pretende que o informe sexa útil para os encargados de xestionar, nas súas distintas competencias, as políticas da área. "Presentamos unha reflexión dos axentes económicos e sociais que esperamos que podan ser aproveitadas.

- **RELACIÓNS INSTITUCIONAIS CON OUTROS CES**

  O ano 2017 foi o ano da consolidación e avance no camiño do estudo e análisis das problemáticas comúns tanto cos CES autonómicos e o CES España coma con outros Consellos europeos.

CES DA "raia"- LISBOA 2017

No marco das relacións institucionais, o Consello mantivo relacións cos outros ces autonómicos de España, pero además neste ano consolidouse a colaboración establecida entre os Consellos Económicos e Sociais dos dous lados da fronteira hispano-lusa coa sinatura do acordo de renovación do protocolo que vincula aos organismos consultivos de Portugal, España, Andalucía, Castela e León, Estremadura e Galicia na capital portuguesa. Na reunión de Lisboa, presidida polo recentemente nomeado presidente do CES de Portugal, António Correia de Campos, os responsables dos Consellos valoraron positivamente a actividade desenvolvida ata agora e aprobaron a proposta do CES de Galicia para abordar nos vindeiros meses traballos sobre a importancia do Camiño Portugués a Santiago.

No acto de sinatura da renovación do protocolo de colaboración estiveron presentes os presidentes e secretarios xerais dos organismos signatarios. O novo presidente do CES de Portugal estampou a súa firma xunto aos presidentes dos CES de Galicia, Corina Porro Martínez, Estremadura, Mercedes Vaquera Mosquero e Andalucía, Ángel Gallego Morales. Todos os asinantes coincidiron en salientar a vixencia dos fins do acordo para promover cauces de relación, participación e cooperación que reformen as súas respectivas experiencias de diálogo social.

Entre as actividades desenvoltas, mereceu unha alta valoración a xornada "Las relaciones económicas entre Galicia y el Norte de Portugal", que se celebrou na sede do CES Galicia en decembre pasado. Destacados expertos en sectores clave de ambolos lados da fronteira compartiron experiencias e opinions cos axentes socioeconómicos representados no Consello.

Entre os novos proxectos para os vindeiros meses, os reunidos aprobaron una proposta do CES de Galicia para desenvolver iniciativas que permitan profundizar no coñecemento do impacto que o Camiño de Santiago, na súa variante portuguesa ten a ámbolos lados da fronteira. Concretamente, entendese que é necesario coñecer o impacto de este itinerario cultural e tamén turístico, dende el punto de vista económico, tanto nas poblacions

locais como a nivel rexional, así como el impacto social do fenómeno e as transformacions que propicia. No estudo proposto analizaríanse tamén os impactos paralelos nos ámbitos turístico, ambiental, arquitectónico e da recuperación patrimonial.

Además, aprobouse a celebración dunha xornada sobre "El futuro de los fondos europeos transfronterizos". Co novo escenario dibuxado pola programación 2014-2020 da política de cohesión territorial da Unión Europea, esa xornada plantexase como ferramenta para obter un maior coñecemento dos fondos europeos transfronterizos e os seus impactos no desenvolvemento dos territorios da fachada atlántica.

A colaboración entre os CES tamén se plasmará na redacción dun estudo sobre a situación socioeconómica das empresas e os traballadores a ambolos lados da raia hispano-lusa, dende una perspectiva laboral, fiscal, mercantil e social do territorio compartido.

CES ATLÁNTICOS EUROPEOS-RTA

Para un mellor cumprimento dos seus fins de representacións dos intereses da sociedade civil organizada de Galicia en todos os ámbitos, e dada a crecente importancia das decisións estratéxicas que son tomadas no nivel comunitario, o CES mantén presencia en instancias europeas a través de mecanismos de participación postos en marcha con organismos homólogos do noso entorno, en particular como membro da Rede Transnacional Atlántica (RTA) e

colaborando coas súas propostas no desenvolvemento da Estratexia marítima para a zona do océano Atlántico.

Está integrada polos Consellos Económicos e Sociais de Andalucía, Galicia, Canarias, Estremadura, Castela-León; Nouvelle Aquitainie- que engloba Aquitania, Limousin y Poitou-Charentes-, Pays-de-la-Loire, Bretaña, Normandía, y da Rexión Centro; os Foros Económicos do País de Gales; o Instituto de Soldadura e Qualidade, ISQ, Foro Oceano de Portugal, e está asociado os seus traballos o Irish Sea Maritime Forum**.**

Vitoria-Gasteiz 2017: O Consello Económico e Social de Galicia participou, xunto cos consellos do País Vasco, Andalucía, Estremadura, Castela-León e Canarias na reunión preparatoria do Comité de Orientacións da RTA que posteriormente se celebrou en Vigo para a renovación dos cargos do comité executivo, o estudio dos obxectivos futuros e calendarios das reunións do novo mandato.

Vigo 2017: O Consello Económico e Social de Galicia mantén unha das vicepresidencia no novo Comité Executivo (órgano de goberno) da Rede Transnacional Atlántica xunto con Nova Aquitania e País de Loira. A nova etapa vai estar presidida polo responsable do CES Vasco, Francisco José Huidobro en sustitución do francés Michel Hortolan. O novo organigrama de goberno foi refrendado na reunión que celebrou en Vigo o Comité de Orientacións da organización, con participación de representantes dos CES de Francia, España e Portugal.

A sesión serviu tamén para definir as novas directrices e liñas de traballo que vai abordar a RTA no vindeiro período de dous anos. Nunha breve intervención tralo seu nomeamento, o novo presidente salientou o interese de afondar no traballo de *lobby* da organización ante as autoridades comunitarias para, nunha conxuntura internacional chea de incertidumes –Huidobro nomeou o Brexit e os procesos electoriais pendentes en Alemania e os Países Baixos–, facer chegar os intereses dos axentes económicos e sociais ás instancias europeas.

Oporto 2017: Como membro da Rede Transnacional Atlántica (RTA) de Consellos Económicos e Socias, o CES Galicia participiou na presentación en Oporto das propostas sobre as condicións de éxito para a Estratexia Atlántica dende a perspectiva dos axentes socioeconómicos das rexións atlánticas no marco do evento "Tecnoloxías e industrias oceánicas", organizado polo Cluster do Mar Portugués. Cun formato de workshop, o acto serviu para dar a coñecer nese contexto as conclusións do estudio da organización dos CES sobre as condicións para a boa realización e implementación do Plan de Acción da Estratexia Atlántica.

Previamente, os participantes asistiron á presentación da RTA como plataforma de cooperación dos axentes económicos e sociais das rexións atlánticas, a cargo do presidente da rede, Francisco Huidobro (CES País Vasco) e coa intervención da vicepresidenta Corina Porro (CES-Galicia).

A RTA, como plataforma dos axentes socioeconómicos das rexións atlánticas elaborou un informe sobre os primeiros pasos da implementación da Estratexia, focalizado sobre a apropiación do seu Plan de Acción por parte dos actores da sociedade civil dos territorios atlánticos. Con esta acción, a organización presentou a rede e as problemáticas detectadas e comparounas coas experiencias dos operadores expertos que acudiron á reunión.

Nantes 2017: Os Consellos Económicos e Sociais das rexións atlánticas, agrupados na Rede Transnacional Atlántica (RTA), aprobaron na última xuntanza do seu Comité de Orientacións un informe sobre a Estratexia Atlántica europea, programa da Comisión Europea, que, logo de dous anos de aplicación para promover a economía desta zona do continente, trata de identificar as insuficiencias dese programa comunitario e aportar propostas de mellora da mesma para a reconducción das problemáticas e contribuir ó éxito da Estratexia. O documento aprobado foi dirixido á Comisión, ao Parlamento Europeo e mais ao CES comunitario para que teñan, de primeira man, as propostas da sociedade civil para a mellor aplicación e aproveitamento da estratexia e que dará lugar a un informe da Comisión Europea no primeiro trimestre do próximo ano e posiblemente a unha revisión do Plan nos meses seguintes.

A RTA tentou identificar os fallos ou puntos febles da súa aplicación e, nesta fase intermedia de aplicación do plan de acción da mesma, tamén aporta a visión dos axentes socioeconómicos sobre melloras que poderían corrixir as deficiencias detectadas. O informe basease en enquisas que cada CES elabora entre os actores do seu territorio para detectar as dificultades e obstáculos que ven respecto da estratexia.

Na reunión, celebrada na localidade gala de Nantes o 25 de setembro e na que participaron os presidentes e secretarios xerais dos CES das rexións do arco atlántico de Francia e España e de Portugal, a RTA aprobouse tamén a próxima elaboración dun novo informe sobre o impacto da saída do Reino Unido do ámbito comunitario (o chamado Brexit) para estas rexións. Será un traballo que se desenvolverá ata o verán de 2018, e dícir, de corta duración, xa que se pretende anticipar as consecuencias antes de que o Brexit se faga efectivo. Cada socio da RTA identificará as áreas de incidencia que a salida do Reino Unido poda ter na súa rexión.

Bruselas 2017: O Consello Económico e Social de Galicia, que ostenta unha das vicepresidencias da RTA, participou, no marco da Rede Trasnacional Atlántica (RTA), na presentación en Bruxelas dun informe sobre as debilidades da implementación da Estratexia Atlántica da Comisión Europea que alerta sobre o baixo grao de coñecemento e a ausencia de financiamento dese programa europeo. O estudio, titulado «Propuestas de la sociedad civil para una mejor implementación de la Estrategia Atlántica de cara a la revisión intermedia de su Plan de Acción», foi presentado na sede do Comité Económico e Social Europeo e recolle as valoracións dos membros da RTA sobre o plan.

Na súa intervención, o presidente da organización que agrupa aos consellos económicos e sociais da fachada atlántica europea, o tamén presidente do CES vasco, Francisco José Huidobro, fixo unha valoración positiva da Estratexia Atlántica como plataforma para xerar unha maior cooperación entre os actores deste eido xeográfico, pero tamén indicou que o informe detectou importantes debilidades, cun potencial dinamizador "moi limitado".

O informe da RTA advirte do escaso grao de coñecemento da Estratexia por parte dos sectores da economía vencellada ao mar (a "economía azul") afectados e critica a inexistencia dun fondo de financiamento específico asociado á mesma. Unha das preocupacións dos axentes económicos e sociais recollidas neste traballo é a necesidade de reaccionar anticipadamente ás consecuencias da saída do Reino Unido da Unión Europea (o Brexit). Conscientes da transcendencia do problema, a RTA ten en marcha un informe sobre as repercusións desa saída en cada unha das rexións.

CES AUTONÓMICOS-MURCIA 2017

O CES de Galicia, representado pola súa presidenta, Corina Porro, e mais o seu secretario xeral, Juan José Gallego, participou os días 23 e 24 de novembro no encontró anual que manteñen os Consellos Económicos e Socias autonómicos españoles e o CES do Estado, que este ano tivo lugar en Murcia e Cartagena, organizado polo CES desa comunidade.

Na reunión, os responsables destes organismos consultivos puxeron de manifesto a utilidade das súas funcións, o espírito de acordo, entedemento e consenso que guía a súa actividade e a lexitimidade das opinións que expresan no seu papel de representantes da sociedade civil organizada. Nesta ocasión, os presentes celebraron a recuperación do CES das Illas Baleares, que estivo sen actividade nos últimos anos.

O acto de apertura do encontro contou coa presencia do presidente da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, Fernando López Miras, que deu a benvida aos participantes antes de presentar as sesións de traballo e as conferencias programadas. Logo da apertura presentouse o Indicador Sintético de Competitividade Global Rexional polos ponentes do Servizo de Estudios Económicos do Colexio Oficial de Economistas.

Un dos obxectivos destes encontros é poñer en común o traballo realizado, e os temas de interés que comparten os CES. Na reunión de traballo, que tivo lugar en Cartagena o día 24 de novembro, presentáronse as actividades e proxectos máis destacados que fan os distintos organismos, a presidenta do CES-Galicia salientou a iniciativa “Por unha alianza no sector industrial galego”, que mereceu unha valoración moi positiva por parte dos seus homólogos.

Ademáis, como é habitual nestas reunións, os responsables dos organismos consultivos puideron intercambiar experiencias, compartir propostas e reflexionar xuntos sobre novas fórmulas ou iniciativas que, nos seus respectivos ámbitos, podan servir para impulsar a participación da sociedade civil organizada e o diálogo en todos os niveis.

COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS:

- **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

-IDEGA: CONSELLO DE DIRECCION

O Consello Económico e Social de Galicia forma parte da Xunta de Goberno do IDEGA asistindo as súas reunións anuais onde se discute a aproba a programación do ano, a memoria de actividades e a económica ou aqueles asuntos propios das súas funcións.
No 2017 a reunión anual celebrouse o 13 de xullo, onde se informou do Plan de Acción do Instituto aprobado polo Consello Científico, aprobouse a Memoria Económica e de Actividades do 2016, a Programación do 2017.

-IDEGA: IV EDICIÓN DO PREMIO "VALENTÍN PAZ ANDRADE"

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do IV Premio de Investigación en Economía de Galicia "Valentín Paz Andrade", convocado co obxecto de recoñecer aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns. Premiará traballos de investigación publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, entre o 15 de outubro de 2016 e o 14 de outubro de 2017 e tamén as teses de doutoramento presentadas dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 14 de outubro de 2017. A dotación do premio para a primeira modalidade es de 2.000 euros e de 1.000 euros para a segunda.

O xurado encargado da avaliación das propostas presentadas a concurso ten en conta a relevancia da contribución para o progreso do coñecemento da realidade socioeconómica de Galicia e a relevancia para a mellor asignación dos recursos, o impulso ao crecemento ou ao emprego e á consecución de cotas máis altas de equidade.
Logo de votar as contribucións presentadas efectúase unha votación entre as finalistas emitindo o xurado unha resolución razoada do fallo.

O xurado esta composto polo reitor da USC, que o preside, Juan Viaño , a Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, Corina Porro.

Nesta edición 2017 foron premiados os seguintes traballos:
-Na modalidade 1-Traballos publicados en revistas científicas ou en editoriais: "Obesity: A major problem for Spanish minors", estudo dos doutores Manel Antelo, Pilar Magdalena e Juan Carlos Reboredo e que foi publicado na revista Ecomomics &Human Biology no ano 2016.

No estudo recollen estatísticas da prevalencia da obesidade infantil en Galicia (en torno ao 8,2%) e no conxunto de España (arredor do 10,6%), por riba da maioría dos países do noso entorno, malia as bondades que se lle atribúen á dieta mediterránea e atlántica. Esas alarmantes estatíticas levaron aos autores a profundizar no coñecemento das causas estruturais de tipo socioeconómico que determinan esa realidade; con eses datos, poder mellorarse o deseño de políticas de saúde pública tendentes a previr a obesidade infantil e os problemas, presentes e futuros, que van asociados.

A investigación aborda dous aspectos esenciais, por unha banda, identifica os factores de tipo socioeconómico que poden explicar a prevalencia da obesidade na poboación de entre 2 e 15 anos, por outra parte, busca detectar a existencia de posibles desigualdades respecto á obesidade de nenas e nenos. Con datos de tipo demográfico, socioeconómico e de hábitos de vida das últimas Enquisas Nacionais de Saúde do INE, os resultados obtidos amosan que os individuos que teñen maior risco de padecer obesidade en Galicia, e en España en xeral, son nenos varóns de menos de 10 anos e que viven en fogares cun maior número de membros, un menor nivel de educación, unha renda baixa e uns hábitos pouco saudabeis.

A análise da medición das desigualdades no risco de obesidade infantil permite concluir de xeito inequívoco que o principal factor de desigualdade na prevalencia deste problema é a renda do fogar no que se vive, seguido do nivel de educación do principal sustentador do mesmo, o tamaño do fogar e a idade do neno ou nena.

Estes resultados suxiren, segundo os autores, que é prioritario aplicar medidas preventivas da obesidade infantil en catro eidos: o fogar, a escola, os espazos de ocio e os medios de comunicación e a publicidade. Tamén, que as medidas de saúde pública nesta materia deberían estar dirixidas aos fogares con nenos de baixo nivel de renda, cuxo sustentador principal careza de educación primaria e que sexan máis numerosos.

-Na modalidade2 do certame-Teses de doutoramento, o galardón foi compartido polo traballo de Fernando Corbelle Cacabelos que leva por título "Pobreza: conceptos, enfoques y métodos de análisis. Tres ensayos de medición aplicada: España y Eurorregión Galicia-Norte de Portugal" e o de Diana Fernández Méndez titulado "Envejecimiento y protección social de la dependencia en España: efectos sobre el empleo". En ambos casos, o xurado suliñou a importancia e proxección social dos estudos e valorou a exhaustividade e rigor das análises realizadas e a relevancia das súas conclusións.

Na súa tese, Fernando Corbelle Cacabelos debulla o concepto de pobreza dende unha perspectiva aplicada e contribúe coa construción de varios indicadores que permiten coñecer a situación en termos de pobreza monetaria e multidimensional da realidade rexional española e da eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

No marco da pobreza económica ou monetaria ponse de manifesto a importancia de contar con medidas que teñan en conta a variabilidade temporal e interrexional da capacidade adquisitiva, sobre todo en momentos de recesión como o acaecido recentemente, cousa que non teñen en conta as medidas oficiais empregadas convencionalmente. Homoxeneizando as rendas espacial e temporalmente con PPA rexionais, Galicia sitúase en posicións intermedias con respecto das demais rexións españolas cunha taxa de pobreza do 23,3% en 2012 (a española é do 27,1%), o que supón preto de 640 mil persoas por debaixo do limiar de pobreza. Ademais, é unha das rexións que presenta un comportamento menos negativo no período 2008-2012, ben en termos de redución de pobreza baixo medidas convencionais ou que non teñen en consta a capacidade adquisitiva, ou ben con menores incrementos baixo medidas que si teñen en conta esta última. Adicional a isto, é destacable o papel que aínda desempeña a presenza da economía de autoconsumo/autosuministro nesta rexión, o 30% do total estatal, que supón un mecanismo de amortecemento do fenómeno da pobreza.

Para ter en conta que a pobreza é un fenómeno que afecta a múltiples dimensións da vida das persoas emprégase unha metodoloxía en voga a nivel mundial como é a presentada recentemente polo PNUD no seu Informe de Desenvolvemento Humano. Para iso téñense en conta como dimensións da pobreza dun fogar, ademais da económica ou monetaria, a privación material, as privacións na vivenda, as características do entorno de residencia, o estado e acceso á saúde, a situación laboral e o nivel educativo. Neste marco, Galicia continúa situándose nunha posición intermedia en canto ás demais rexións

españolas, cun número de persoas identificadas como multidimensionalmente pobres próximo ás 300 mil en 2015, dun total de 5,8 millóns do agregado español. Galicia é unha das dúas rexións que presenta unha evolución positiva no período 2008-2015, pasando dun 14,9% a un 12,5% de pobres segundo a medida empregada, o que fai que mellore a súa situación relativa dentro do contexto español situándose en valores máis próximos aos das rexións menos pobres. Destacable é que as dimensións que máis contribúen á medida de pobreza multidimensional analizada, ademais da monetaria, son a mala situación laboral e o baixo nivel educativo.

Na tese tamén se analiza a situación de pobreza e vulnerabilidade da infancia na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para o ano 2009, colectivo que nos últimos anos presenta os peores datos de pobreza superando ao grupo de persoas maiores de 65 anos que tradicionalmente viña ocupando este lugar. Os datos mostran que Galicia, a pesar de manifestar unha menor porcentaxe de menores por debaixo do limiar de pobreza que o Norte de Portugal (17,1% e 19,0% respectivamente), estes menores están máis lonxe do mesmo e son máis desiguais entre eles, o que manifesta unha peor situación si se consideran estas outras características da pobreza monetaria denominadas intensidade e desigualdade. Estas porcentaxes supoñen que na Eurorrexión había máis de 200 mil menores en risco de pobreza e exclusión social nun ano no que inda non se estaban a dar os efectos máis graves da recente crise.

As propostas da tese van na liña da consideración de indicadores ou índices de pobreza máis axeitados para analizar un fenómeno cambiante e na implantación de medidas que axuden a paliar a situación de desvantaxe que sofre a poboación máis vulnerable, os menores, os fogares monoparentais e as familias numerosas. Considérase que os índices de pobreza monetaria deben ter en conta a evolución das rendas dos períodos analizados e as diferentes capacidades de compra rexionais. As novas medidas de pobreza deben avanzar cara a multidimensionalidade, complementando a identificación clásica da pobreza vinculada á capacidade económica que na actualidade pode resultar claramente insuficiente.

As medidas de política social a tomar para mellorar a situación das familias e dos menores en situación de risco de pobreza pasan por botar unha ollada cara a Europa e recoller aquelas que a moitos dos países membros lles dan resultado, como as prestacións universais por fillo a cargo, en vez das condicionadas presentes en España que ademais presentan unha das contías máis baixas de UE-15, e/ou políticas fiscais máis progresivas e redistributivas con vantaxes para as familias monoparentais e numerosas.

A segunda tese, tamén merecidamente premiada, Diana Fernández, aborda o impacto da plena implantación da Lei de Dependencia (finalizada en 2015) no mercado laboral dende unha perspectiva rexional, facilitando a comparación do resultado galego no contexto nacional.

Os datos de afiliación mostran que Galicia é unha das poucas CC.AA. nas que a afiliación nas ramas de servizos sociais medraron durante todo o período de implantación da Lei de Dependencia a pesar da desfavorable conxuntura económica. De feito, a análise realizada nesta tese de doutoramento mostra que en Galicia se crearon entre 10.614 e 11.739 postos de traballo brutos a tempo completo o que se traduce en que é a terceira CCAA onde máis empregos se crearon por cada 100 dependentes atendidos, 28 empregos, sendo a media nacional de 22. Sen embargo, o resultado podería haber sido moito maior. Deixaron de xerarse arredor de 8.500 postos de traballo debido á reforma introducida polo Real Decreto-lei 20/2012 e á existencia do limbo da dependencia (poboación dependente con dereito a prestación recoñecido legalmente pero que non recibe atención ao amparo da Lei de Dependencia).

A investigación realizada tamén analiza como se ve afectada a participación laboral dos coidadores informais en Galicia. Este aspecto é especialmente relevante dado que o 82% de las persoas dependentes recibía coidados informais dun membro do fogar en 2006 (80% en 2010). Ademais, Galicia é o único ámbito xeográfico para o que existe información específica sobre dependencia e coidados informais para antes e despois da Lei de Dependencia. Os resultados da análise mostran que os coidadores informais reducen substancialmente a súa participación na forza laboral (11-12%), impacto que, como era de agardar, aumenta co nivel de intensidade de coidado e que é superior para as mulleres.

A modo de propostas no deseño e implantación das políticas públicas, a Dra. Fernández avoga pola eliminación do limbo da dependencia, o fomento dos coidados profesionais no domicilio, a modificación dos patróns de traballo e o maior impulso de políticas de igualdade e conciliación. O anterior non só revertería positivamente na calidade de vida das persoas en situación de dependencia e dos seus coidadores, senón que tería un efecto positivo dende o punto de vista económico en xeral e do mercado de traballo en particular.

O acto oficial de entrega dos galardóns tivo lugar note no Salón Nobre do Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela.

• COMITÉ CONSULTIVO DE EXPERTOS EXTERNOS DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMRESARIAIS DA USC

Tamén no ámbito universitario, con data 23 de xuño de 2017, quedou constituído o Comité Consultivo de Expertos Externos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago no que o CES Galicia participa e no que se articularán as futuras colaboracións. Este comité reunirase anualmente para manter os contactos e a continuidade das actividades que se compartan.

- **CONVENIO CA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

No marco das relacións de intercambio, en particular, dentro do ámbito socioeconómico, a Universidade da Coruña e o Consello Económico e Social de Galicia teñen intereses comúns nos campos académico e científico. Dentro desa confluencia de intereses esta tamén a formación.

Neste sentido, a nova ordenación das ensinanzas universitarias conleva a realización de prácticas externas en entidades públicas ou privadas para capacitar aos estudantes de grao e mestrado no mercado laboral. Atendendo a tal obxectivo o CES Galicia asinou dous convenios para a realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Dereito e da Facultade de Economía e Empresa.

- **PROXECTO REFORCE**

  Foi a finais de ano cando se acordou participar, xunto cas tres universidades galegas neste proxecto, unha iniciativa liderada polo Instituto de Ciencias e Tecnoloxías para o Medio Ambiente e a Agricultura (IRSTEA) de Francia na que tamén participan outros grupos de investigación de España, Alemania, Bélxica, Eslovenia, Austria, Suecia e Canadá. A súa misión é determinar os efectos das diferentes estratexias propostas polos científicos na explotación dos bens e servizos dos ecosistemas e especialmente referidas aos bosques. O cambio climático aumentará os riscos para a provisión de productos e servizos forestais. A mellora da resilencia forestal e un obxetivo clave para adaptar os bosques ao cambio climático.

- **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

  -SEDE E PARTICIPACIÓN NO OBSERVATORIO GALEGO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICO

O 29 de setembro a sala do Pleno do Consello Económico e Social de Galicia acolleu a sesión constitutiva do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que terá a súa sede neste organismo. A sesión, presidida polo conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, reuniu aos axentes económicos e sociais, políticos, académicos e dos distintos niveis da Administración que forman parte do organismo no acto da súa constitución formal.

O Observatorio é un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía da Comunidade Autónoma de Galicia que debe contribuir a aportar ideas e iniciativas que axuden a articular políticas para abordar o reto demográfico de Galicia.

Nunha breve intervención de benvida aos membros, a presidentsa do CES, Corina Porro, lembrou que a elección do Consello como sede do observatorio non é casual, pois éste é un organismo que se configura como foro permanente de diálogo entre as administracións e a sociedades civil organizada. "Estamos nesta sede do CES como un símbolo da vocación de pluralidade e consenso con que nace este órgano. Por eso creo que se elixiu o sitio axeitado".

A presidenta salientou tamén que os desafíos derivados do cambio demográfico que estamos a vivir en Galicia veñen sendo unha preocupación constante nos traballos do Consello e fixo mención dunhas recentes xornadas de traballo ou das consideracións que se veñen recollendo nas Memorias sobre a situación económica e social do CES.

O conselleiro Rey Varela agradeceu a participación dos diferentes axentes sociais, políticos e académicos "nun órgano plural e participativo que entende a cuestión demográfica como un gran pacto, alonxada de posicións ideolóxicas e cun alcance temporal ilimitado".

Funcións do observatorio

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica ten, entre outras funcións, as de recompilar, analizar e intercambiar información relevante dende o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas, con especial atención ao fenómeno da exclusión territorial ou á singularidade e especificidade dos impactos do cambio demográfico en Galicia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico; ou realizar un seguimento permanente da evolución das dinámicas demográficas, das accións desenvolvidas e dos avances acadados; promoverá foros de discusión e debate; elaborará un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia e fomentará calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coa dinamización demográfica.

• PRESENCIA INSTITUCIONAL

Como parte da súa actividade, tanto a presidenta coma o secretario xeral participaron en distintos actos en representación institucional do Consello. No ano 2017 e por orde cronolóxico foron os seguintes:

-**21 de xaneiro**: conmemoración do 35 aniversario da toma de posesión de D. Gerardo Fernández Albor como presidente da Xunta de Galicia-

-**23 de xaneiro**: Premios da Cultura Galega 2016.

-26 de xaneiro: Debate "Diálogo Ciudadano" organizado por la Comisión Europea con el Comisario Europeo de Acción por el Clima y Energía, Miguel Arias Cañete en Santiago de Compostela.

-**27 de xanerio**: Acto académico da festividade de San Tomé de Aquino.

-**1 de febreiro**: Acto de toma de posesión de Ana Mª Ortiz Alvarez como subdelegada del Gobierno en Pontevedra.

-**14 de febreiro**: Almorzo-Coloquio con Juan Cividanes Roger, Director do IGAPE na sede do Círculo de Empresarios de Galicia.

-**16 fe febreiro**: participación no acto de inauguración da Xornada dos Consejos Sindicales Interregionales que se celebrou en Vigo.

-**24 de febreiro**: Almorzo-Coloquio con García-Margallo, na sede so Círculo de Empresarios de Galicia.

-**1 de marzo**: presentación do libro Alberto Núñez Feijóo-discursos parlamentarios, oitava lexislatura 2009-2012.

- **7 de marzo**: encontro LIDER-A, AVANZANDO EN IGUALDADE, con motivo do Día Internacional de Muller.
-**8 de marzo**: prestación do oitavo estudo do Observartorio Económico Ourensán organizado pola Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao.
-**9 de marzo**: entrega do Premio Aproín 2016 no Círculo de Empresarios de Galicia.
-**14 de marzo**: Acto Inaugural da xornada "¿A qué riesgos de enfrentará el empresario en 2017?"organizada pola Fundación Inade no Salón de Actos do Círculo de Empresarios de Galicia.
-**15 de marzo**: Xornada "El setor pesquero gallego ante el Braxit: desafíos y oportunidades" celebrada na sede do Círculo de empresarios de Galicia.
-**21 de marzo**: Ciclo de Foros do Grupo Correo Gallego: "Agua y agua residual. Reutilización" en Santiago de Compostela.
-**29 de marzo**: Xornada "O sector marítimo-pesqueiro galego: propostas no avance da tradición ao futuro" na sede do Círculo de Empresarios de Galicia.
-**21 de abril**: Acto Institucional do XXV aniversario do Consello de Contas de Galicia no Pazo do Parlamento de Galicia.
-**25 de abril**: Conferencia do Exmoº Sr. D. Carlos Lesmes Serrano no Club Financiero de Vigo organizada polo Colegio de Economistas de Pontevedra.
-**3 de maio**: Acto organizado por Funcas e Abanca no Centro Abanca Obra Social "Presentación de las previsiones económicas de Funcas para las Comunidades Autónomas 2017" celebrado en Santiago.
-**5 de maio**: Acto de entrega de las Medallas de ANFACO-CECOPESCA 2017 no Círculo de Empresarios de Galicia.
-**18 e 19 de maio**: Acto de inauguración do "11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia en Santiago de Compostela.
-**31 de maio**: "I Foro Gallego de Arbitraje" organizado pola Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa en Vigo.
-**27 e 28 de maio**: Acto de Clausura do "7º Congreso Ordinario da Confederación Intersindical Galega no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela.
-**9 de xuño**: Acto de toma de posesión da presidenta do Consello de Relacións Laborais, Verónica Martínez Barbero.
-**28 de xuño**: Imposición da Medallas Castelao 2017 na Igrexa de San Domingos de Bonaval.
-**30 de xuño**: Ciclo de Foros do Grupo Correo Gallego: "Emprendimiento" en Santiago de Compostela.
-**7 de xullo**: "Tribuna con Ana Pastor" na sede do Círculo de Empresarios de Galicia.

-**7 de xullo**: Acto de inauguración do "Festival ARVI do Peixe, Vigo SeaFest" en Vigo.
-**17 de xullo**: Acto conmemorativo do 50 aniversario de AIMEN Centro Tecnolóxico nas instalacións do Centro de Aplicacións Láser de AIMEM en Porriño.
-**24 de xullo**: Acto de entrega das Medallas de Galicia 2017 na Cidade da Cultura en Santiago.
-**7 de setembro**: Xornada "O Finanzamento Empresarial do Futuro" na sede da Confederación de Empresarios de Galicia.
-**11 de setembro**: Inauguración "VIII Conferencia Mundial del Atún" en Vigo organizada por ANFACO CECOPESCA.
-**19 de setembro**: Café con Adriano Marques de Magallanes, presidente y fundador de Partenón, no Círculo de Empresarios de Galicia.
-**22 de setembro**: Homenaje "II Memorial Paco Araújo en Vigo.
-**27 de setembro**: presentación do libro "NOS DOIS LADOS DO RIO MINHO" o senhorio transfronterizo do mosteiro de Santa María de Oia (Séculos XII a XV) de Ana Paula Leite Rodrigues no Instituto Camóes de Vigo.
-**3 de outubro**: Inauguración "XIX FEIRA INTERNACIONAL DE PRODUCTOS DEL MAR CONGELADOS" organizado por Conxemar en Vigo.
-**3 de outubro**: Acto de inauguración "50 Aniversario dos Estudos de Economía en Galicia" no Salón Nobre de Fonseca organizado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
-**4 de outubro**: Debate de Política Xeral (estado da Autonomía) no Parlamento de Galicia-
-**10 de outubro**: Inauguración da exposión "Pergamiño e Vindel. Un tesouro en sete cantigas" organizado pola Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo e presidido polo S.M. o Rei D. Juan Carlos.
-**17 de outubro**: Xornada sobre "Responsablilidade patrimonial sanitaria" organizada polo Consello Consultivo de Galicia en Santiago.
-**20 de outubro**: xornada da Asociación para el Progreso de la Dirección, apd: Enterder el mundo que viene. Cuarta edicion. En Santiago de Compostela.
-**31 de outubro**: Saúdo da entidade ASPANAEX, asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra.
-**3 de novembro**: almorzo do Círculo Financeiro de Galicia na Cidade da Cultura con motivo da celebración do primeiro acto institucional da asociación.
-**10 de novembro**: Almorzo informativo da "Nova Lei de implantación empresarial: Retos e oportunidades para Galicia" de FARO no Pazo de Congresos Auditorio Mar de Vigo.
-10 de novembro: Gala do 40º Aniversario da Confederación de Empresarios de Pontevedra no Pazo Vilavella en Redondela.

-**13 de novembro** : Acto na Cidade da Cultura de "Mesturas gañadoras" que presenta de forma conxunta o esforzo de colaboración entre empresas e centro de coñecemento galegos no marco das unidades mixtas de investigación.
-**14 de novembro**: Almorzo informativo do "FÓRUM EUROPA. Tribuna Galicia" no Parador dos Reis Católicos de Santiago.
-**16 de novembro**: asistencia no Parador de Baiona ó primeiro foro de DIÁLOGOS ESPAÑA-PORTUGAL do Foro Económico de Galicia.
-**16 de novembro**: Presentación da agrupación Galega de Construción (AGALCO) na sede do Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.
-**17 de novembro**: Acto de entrega dos PREMIOS PUBLICIDADE EN GALEGO do Parlamento de Galicia.
-**17 de novembro**: Acto de celebración do XXV Aniversario do Círculo de empresarios de Galicia.
-**21 de novembro**: 70º aniversario de un acontecimiento histórico para Galicia "ZONA FRANCA, MOTOR DE PROGRESO" de Faro de Vigo e Consorcio Zona Franca de Vigo.
-**27 de novembro**: presentación do "PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO COMPLEXO DO ANTIGO HOSPITAL XERAL PARA A FUTURA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO" na seda da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo.
-**27 de novembro**: "Mes Silver Economy- Tribuna con José Manuel Rey Varela" na sede do círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.
-**28 de novembro**: Acto de celebración do 40 aniversario de ASIME, asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia no Pazo dos Escudos en Vigo.
-**30 de novembro**: Reunión do Xurado do IV Premio "Valentín Paz Andrade no Salón Reitoral do Colexio de San Xerome en Santiago.
-**5 de decembro**: Acto institucional de conmemoración del XXXIX Aniversario da Constitución Española na Delegación de Goberno de Galicia, A Coruña.
-**11 de decembro**: desayuno informativo do "FÓRUM EUROPA. Tribuna Galicia" con Pedro Puy (portavoz do Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia) e presentado por Alberto Núñez Feijóo no Parador dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.
-**12 de decembro**: acto "FÓRUM EURPORA. Tibuna Galicia" con Exmo. E Rvdmo. D. Julián Barrio, Arzobispo de Santiago de Compostela no Parador dos Reis Católicos.
-**12 de decembro**: acto de entrega "PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2017" no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.
-**14 de decembro**: convite a ceremonia de atribución do grao de Doutor Honoris Causa a Alberto Núñez Feijoo pola Universidade de TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO en Vila Real.

-**18 de decembro**: acto "FÓRUM EUROPA. Tribuna Galicia" con Irene Garrido, Secretaria de Estado de Economía e Apoio a Empresa, organizado por Nova Economía Europa no Pazo dos Escudos en Vigo.

Salas

Na sede do Consello acollemos tamén a outros organismos que o longo do ano, na Sala de Plenos do CES leváron a cabo diversas actividades e reunións. Así, no ano 2017 tiveron lugar as seguintes:

-**17 de febreiro**: Dirección Xeral de Ordenación Forestal con motivo sa reunión do Consello Forestal de Galicia.
-**11 de abril**: Turismo de Galicia con motivo da firma do Convenio Camino Francés.
-**17 de abril**: Instituto de Estudos do Territorio da Cª de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con motivo da Comisión Coordinación SIX cartografía.
-**21 de abril**: Turismo de Galicia con motivo da reunión do Consello de Turismo de Galicia.
-**25 de abril**: IGAPE con motivo do encontro de Clusters de Galicia: Agenda Galicia-Industria 4.0
-**25 abril**: Consello Galego de Relacións Laborais con motivo da visita dos alumnos IES Rosalía de Castro de Santiago.
-**8 de maio**: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado con motivo da recepción do grupo de mozos italianos do programa "A Xuventude no Mundo".
-**11 de maio**: Consello Galego de Relacións Laborais con motivo da visita dos alumnos de Dereito Sindical da Facultade de Dereito da USC.
-**12 de maio**: Turismo de Galicia con motivo da presentación dos "Trens Turísticos".
-**24 de maio**: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado con motivo da recepción dun grupo internacional xunto con xóves de Concello de Laracha.
-15 de xuño: Consellería de Política Social con motivo da reunión grupo "Cambios demográficos e envellecemento" da Macrorrexión do sudoeste europeo RESOE.
-**9 de xuño**: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para a reunión do Comité de Seguimento do PO FSE Galicia 2014-2020.

-**21 de xuño**: Turismo de Galicia para reunión cas autoridades portuarias de Galicia e consignatarias.
-**22 de xuño**: Intervención Xeral Xunta de Galicia con motivo da reuión do Grupo Técnico Español de Coordinación de Auditoría de Fondos Estructurais Europeos.
-**23 e 26 de xuño**: Dirección Xeral de Ordenación Forestal con motivo da celebración do Consello Forestal de Galicia.
-**26 de xuño**: Turismo de Galicia para reunión cos presidentes das autoridades portuarias de Galicia e consignatarias.
-**17 de xullo**: Dirección Xeral de Ordenación Forestal para reunión do Consello Forestal de Galicia.
-**21 de setembro**: Consello Galego de Relacións Laborais para realización dun seminario dirixido a axentes sociais.
-**27 de setembro**: Dirección Xeral da Xuventude con motivo da presentación dos participantes do Programa Erasmus.
-**28 se setembro**: Consello Galego de Relacións Laborais para reunión do seminario destinado aos axentes sociais.
-**29 de setembro**: Consellería de Política Social para a celebración da sesión constitutiva do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica do que o CES forma parte.
-**9 de outubro**: Turismo de Galicia con motivo da reunión do Consello Galego de Turismo.
-**23 de outubro**: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para reunión da Comisión Executiva do Consejo Xacobeo.
-**2 de novembro**: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE con motivo da visita de estudo do Goberno e o Parlamento de Ucrania a Galicia.
-**14 de novembro**: Universidade de Santiago de Compostela para a presentación do Informe Anual de Xustiza Administrativa- Centro de Investigación sobre Justicia Administrativa de la Universidad Autónoma de Madrid.
-**29 de novembro e 1 de decembro**: Consellería do Medio Rural para reunión con personal da Consellería.
-**13 de decembro**: Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para celebrar a reunión de Coordinación de Directores/as dos Organismos Pagadores.
-**18 de diciembre**: Dirección Xeral de Ordenación Forestal para Reunión do Consello Forestal.

VISITAS INSTITUCIONAIS

No 2017 no Consello recibimos ao novo presidente da patronal galega, Antón Arias Díaz Eimil que mantivo unha primeira reunión ca presidenta do organismo como máximo responsable da CEG aínda que o presidente é tamén membro do Pleno.
Visitounos tamén o Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes Pérez , o cal interesouse de primeira man polo funcionamento, as actividades e as actuacións que se levan a cabo no CES.